

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 19 DE DECEMBRO

DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezanove de decembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre, do PP, e don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC.

Asisten dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión (seis concelleiros do PP, catro do PSdeG-PSOE, unha de UxC, dous de EU, dous do BNG e dous do GM) aprobou o borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede, da afectación do inmovible situado no lugar dos Campóns, núm. 6-B, parroquia de Sigrás, ao servizo público de Protección Civil

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do día 12 de decembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e a Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo do día 17 de decembro de 2013.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que con independencia do seu voto, que vai ser a prol, gustaríalles que explicaran un pouco os termos da proposta do goberno.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que a proposta do goberno é consecuencia dun convenio de colaboración por una subvención que deu a Deputación Provincial da Coruña para a construción da base de Protección Civil nos Campóns. Por esa subvención recibiron unha cantidade substancial, cre lembrar que foron 240000 euros, aproximadamente, agora a Deputación estalles esixindo que a construción sexa destinada, loxicamente, ao servizo de Protección Civil durante cinco anos, ou sexa, que non pode ser dedicada a outro tipo de actividade, ten que ser para Protección Civil ou servizo de bombeiros, e iso é o que se trae hoxe a votación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás agradece a resposta e explica que os concelleiros están informados, pero hai xente presente que lle interesa saber do tema.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai manter o voto da comisión, que foi a prol da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense as dúas concelleiras presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Cualificar como ben de dominio público, afectado ao servizo de Protección Civil, o inmovible sito no lugar dos Campóns, núm. 6-B, parroquia de Sigrás.

Segundo: Manter a afectación do citado inmovible ao servizo público de Protección Civil por un período mínimo de cinco anos.

Terceiro: Incorporar ao Inventario de Bens do Concello de Cambre, que se está a elaborar, o inmovible sito no lugar dos Campóns, núm. 6-B, parroquia de Sigrás, coa

cualificación de ben de dominio público afectado ao servizo de Protección Civil, por un período mínimo de cinco anos.”

2.2. Proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil 0-3 no Concello de Cambre

Vista a proposta da Alcaldía do día 13 de decembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 17 de decembro de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o que se trae hoxe a aprobación é a construción dunha gardería na zona do Temple, unha das zonas máis poboadas de Cambre no que se refire a poboación infantil. É unha gardería que vai construír a Fundación Amancio Ortega nos terreos cedidos polo concello.

Nun principio ese terreo estaba destinado a gardería, centro de día e centro de saúde. O centro de saúde a previsión é que estea construído a finais do 2015, e no outro terreo, que era para a gardería e o centro de día, proponse facer só a gardería, motivado en que quedaba o edificio totalmente agoniado por outros edificios que se están construíndo nun lateral e na parte posterior.

O que tamén traen hoxe é unha proposta para que o centro de día, se todos están de acordo, se constrúa noutra zona. Hai unha serie de propostas que xa lles entregaron noutra ocasión, e pode estar situado onde está actualmente o centro de saúde, ou ben nalgunha outra parcela que se poida ceder á Xunta para esa finalidade.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que o que se trae hoxe a pleno é a modificación dun acordo adoptado polo pleno de Cambre o 30 de outubro de 2008. Nese acordo cedíase ao Consorcio Galego de Benestar unha parcela de 2000 m² na unidade de execución núm. 11, na zona do Temple, para construír, tanto unha escola infantil, como un centro de día para a terceira idade. Ese era o compromiso do Consorcio.

Posteriormente o Consorcio, a Consellería de Traballo e Benestar Social, chegou a un acordo coa Fundación Amancio Ortega para que sexa a FAO a que constrúa esa escola infantil.

No pleno de outubro, di que se levaron unha desagradable impresión, porque o Consorcio Galego de Benestar cede na súa totalidade á Fundación Amancio Ortega os 2000 m², para construír só o que é a escola infantil, sen ningún outro compromiso en canto ao centro de día para a terceira idade. A xogada do Consorcio Galego, e tamén da Consellería de Traballo, non pode ser mellor, cede os 2000 metros á FAO, 2000 metros que lle tiña cedido previamente o Concello de Cambre, para que se constrúa esa escola infantil. A Fundación Amancio Ortega constrúe a gardería, o concello cede

o terreo, e o Consorcio Galego non pon absolutamente ningún carto nesa operación, a pesar de que ten vendido xa en varias ocasións esa obra como unha realidade para os vindeiros meses. Levan dous anos e medio de lexislatura vendendo, por parte do Consorcio e tamén do goberno municipal, ese equipamento.

Di que eles non poden estar de acordo con esa actitude, e menos incluso coa sorpresa que se levaron na tarde de hoxe, cando por parte da Alcaldía se lles remite un compromiso en canto a que o goberno municipal, o alcalde en concreto, se compromete a obter unha nova localización para o centro de día entre as distintas posibilidades existentes no municipio, e tamén a realizar todas as accións necesarias para obter o financiamento necesario para a súa construción ou dotación. Dicar iso e dicir nada, é o mesmo. Aquí o que non existe é un compromiso por parte do goberno municipal, nin por parte do alcalde, para esixir ao Consorcio Galego o cumprimento das súas obrigas nese convenio que se ten asinado.

Cren que, con independencia de que sexa preciso construír a escola infantil, tamén é preciso que en Cambre se constrúa un centro de día para a terceira idade, e ese era o compromiso ao que se tiña chegado entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre no ao 2008.

Agora van ter unha escola infantil que se vai situar na totalidade do terreo que se cedeu, pero agás as boas palabras e o compromiso do Sr. alcalde, non hai ningunha realidade constante en canto a que nun período ou prazo determinado Cambre poida contar cun centro de día.

Eles entenden que por parte do goberno tense feito deixamento das súas obrigas en canto a esixir actuacións á administración autonómica, que para Cambre é unha administración absolutamente fantasma no sentido de que o único que fai é poñerlles nones e peros a calquera tipo de actuación que queren levar adiante. Hai que esixirille que cumpra con ese compromiso de financiar o centro de día, por iso, dende logo, non están conformes co xeito no que se expón a solución.

Evidentemente, eles non se van pechar en que a localización do centro de día teña que ser onde nun primeiro momento ía, parece que é necesario que a escola infantil ocupe esa totalidade dos 2000 m², aínda que no seu momento eles o teñen posto en dúbida, pero tamén é certo que con independencia das diferentes localizacións que lles teñen ofertado por parte do equipo de goberno, non existe ningún compromiso económico para que nun prazo razoable de un ou dous anos, o centro de día para persoas da terceira idade poida ser unha realidade.

Nese sentido, non admiten a proposta que se lles fai por parte da Alcaldía, van votar a prol por responsabilidade, pero non por convencemento, por canto non consideran que se teña que retardar moito máis a posta en marcha da construción da escola infantil. En todo caso, di que van estar absolutamente vixiantes para que por parte do Sr. alcalde se entenda que os seus xefes non están en Santiago, que os seus xefes non son a administración autonómica, que os seus xefes son os veciños de Cambre, que son aqueles que lles teñen que pedir contas da xestión a realizar. Pídelle que o teña moi en conta e que cando vaia a Santiago a pedir o financiamento, porque agardan

que así o faga, o faga co apoio de todos os veciños e tendo en conta que é o mellor para Cambre.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que dende UxC o seu pensamento é máis ou menos o que acaba de dicir o voceiro do grupo socialista. Aquí o que se quere facer é botar polo chan un convenio no que o concello cedía unha parcela para a construción desas dúas cousas, e agora resulta que se están quedando sen unha. Sen unha e tampouco ve claro o por que, porque o informe do arquitecto municipal sobre a creación da gardería non di que non se poida facer tamén o centro de día, di que a gardería quedaría mellor se a construíran neses 2000 m², e claro, se foran 3000, ou máis, quedaría moitísimo mellor.

Di que teñen un exemplo claro no concello, a gardería da Barcala non ten 2000 m², e cre que iso non quere dicir que non sexa unha gardería de calidade.

Por outra banda, ela pensa que o Sr. alcalde, como representante dos veciños de Cambre, ten que defender os intereses dos veciños en calquera sitio, ante a consellería, ante a Fundación Amancio Ortega, ou ante quen sexa. Polo tanto, mentres a consellería non poña enriba da mesa un compromiso firme e por escrito da creación do centro de día, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que, seguindo na mesma liña, eles entenden que o que hoxe podería ter sido unha gran noticia que celebrar, o financiamento por parte dun axente externo ao concello, neste caso a Fundación Amancio Ortega, dunha escola infantil, ten ese viso amargo do que están falando. Ese viso amargo de que o que se está sacrificando é a construción do centro de día, ou o que é o mesmo, para facer esa tortilla teñen que romper algún ovo.

A postura que manifestaron, incluída a do equipo de goberno, este martes nas comisións informativas, é practicamente a mesma. Todos están recoñecendo que a actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar foi moi intelixente para eles, moi pouco favorecedora para os intereses de Cambre, e moi rendible para os intereses da Xunta. Como comentaba o compañeiro socialista, con esa manobra de ceder a totalidade do terreo á fundación, a Xunta afórrase ter que construír un centro de día.

Continúa dicindo que non está de acordo co que comentaba a Sra. concelleira sobre que o edificio queda agoniado, porque cre que ela persoalmente é unha das concelleiras que votou a favor do acordo plenario do ano 2008 que van modificar, é dicir, naquel momento non quedaba agoniado e agora si queda agoniado, non é coherente. No ano 2008 votouse por unanimidade a colocación dos tres elementos nesa parcela, a parcela é a mesma, non se reduciron os metros, antes non estaba agoniado e agora vese agoniado.

Di que non é así, pero que iso é o que venden para que pareza que realmente a construción da gardería queda moitísimo mellor se está ela soa. Pero non é iso, o que sucedeu realmente é que o Consorcio cedeu a parcela completa, e logo están dalgunha forma responsabilizando á Fundación Amancio Ortega porque non modifican o proxecto. Pero non, a FAO recibe do Consorcio unha parcela de 2000 metros e o

arquitecto ou enxeñeiro que fai o proxecto atópase cunha parcela e non sabe se hai un acordo plenario ou se non o hai. Atópase cun terreo e deseña un edificio en función dese terreo. Só lle farían falta 1000 e pico de metros. Ata 2000 sobran 900 metros, e o que fan é meter un parque. Esa é a situación, non é que quede agoniado o edificio.

Continúa dicindo que iso realmente o que é, é unha maquiavélica decisión, recriminable inicialmente ao Consorcio, pero tamén ao goberno municipal, tamén ao alcalde do Concello de Cambre, que debería ter loitado con máis forza por pedir responsabilidades ao Consorcio, poñer enriba da mesa que había un acordo plenario e dicir que a parte que había que ceder era a parte correspondente á escola infantil, non a totalidade da parcela.

Di que gañaron unha escola infantil, si, pero perderon un centro de día, porque con ese compromiso de establecemento, como lle chaman, do centro de atención a persoas maiores no Concello de Cambre, tampouco teñen nada realmente. O goberno municipal estase comprometendo a obter unha nova localización, pero de novo segue quedando fóra o financiamento e o compromiso da Xunta. Hai un compromiso do goberno, pero seguen sen ter un compromiso da Xunta, que era o que tiñan co acordo plenario que se vai modificar.

Conclúe dicindo que non poden votar a prol desta iniciativa, aínda que tampouco poden votar en contra por compromiso cos veciños, de modo que se van abster, pero recriminando a opacidade e a mala xestión desta cesión do terreo para a construción da escola infantil.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que, antes de empezar, quere comentarlle á concelleira de Servizos Sociais e Educación que non son garderías, que son escolas infantís. Iso de garderías era noutra época máis remota. Dillo para que cando vaia por aí, que lles chame polo seu nome.

En canto ao tema que traen hoxe a pleno, dende o BNG van votar a prol, e van votar a prol por responsabilidade política, como xa dixeron compañeiros doutros grupos da oposición, e tamén van votar a prol porque o Sr. Rivas xa lles anunciou na xunta de voceiros que nesta lexislatura non se vai facer en Cambre, non se vai conseguir, un centro de maiores.

Di que isto non é un problema de esquerdas nin de dereitas, é simplemente un problema de ser inútil ou ser capaz, e está claro que o Sr. alcalde, cos seus amigos da deputación e da Xunta, do mesmo símbolo político que el, e aínda que el presume moito dese tema, non obstante, á hora da verdade, vese que non consegue nada para Cambre, vese que é un mal xestor.

E vaille dicir o por que, xa que non é algo que se lle ocorreu hoxe ao BNG, isto é algo que poden ver na prensa, porque na Xunta de Galicia si hai cartos, hai cartos para centros de día, e ela, vendo a prensa, ve que no mes de outubro no Faro de Vigo saía que a conselleira, a Sra. Mato, ía investir en centros de día en concellos moito máis pequenos que Cambre, dez ou vinte veces máis pequenos que Cambre, por exemplo en Montederramo (Ourense), en sitios como Cualedro (Ourense), ou en Muíños. Decía que se ían investir 2,3 millóns de euros.

Ela pídelle ao Sr. alcalde que faga valer Cambre diante dos seus amigos da Xunta, e tamén da deputación, porque por exemplo a Deputación de Lugo, que por certo está gobernada por un bipartito BNG-PSOE, ten aprobados nove centros de día ou residencias de maiores, algúns deles mixtos. Pídelle que consiga algo para Cambre.

Cando dende o BNG de Cambre lle din moitas veces que cobra moito, non queren dicir que 32000 euros por media xornada ao ano sexan moitos cartos, o que queren dicir é que o Sr. alcalde non gaña o que cobra, porque nos dous anos que levan pregúntalle que trouxo para Cambre. Dille que el terá que xestionar Cambre, porque seguramente xestiona moi ben esas empresas que ten, ou esa asociación que non sabe como se chama, non lle vai facer publicidade, pero esquecese de Cambre.

Conclúe dicindo que vendo o pleno tan cheo de xente, e dende o BNG queren agradecerlle á xente que se tomase a molestia de vir ata aquí, tamén chegan a unha reflexión, o grupo de goberno ten moito problema para xestionar as doazóns. Doazón como é a da Fundación Amancio Ortega, ou doazón como é a do campo de fútbol de Brexo-Lema.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que a súa intervención vai ir na liña, máis ou menos, das que acaban de realizar os compañeiros que lle precederon na palabra.

Di que, efectivamente, están incumprindo un compromiso plenario do ano 2008, onde se votou por unanimidade a construción dun centro de día e dunha gardería, e el cre que agora están renunciando á infraestrutura que máis se necesita en Cambre nestes momentos, que é un centro de día, máis urxente que a gardería. Por iso di que vai manter o voto da comisión e vaise abster.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que despois de oír aos distintos grupos, agrádecelles a súa responsabilidade por votar a prol os que o van facer, e quere facer varias aclaracións.

Di que é verdade que o Pleno da Corporación no ano 2008 tomou a decisión en sesión ordinaria de cederlle á Xunta de Galicia unha parcela para que fixera unha galescola, un centro de día e un centro de saúde. É verdade que tomaron esa decisión en pleno, e é verdade que lla mandaron á Xunta, pero tamén é verdade que a Xunta nunca llela aceptou, nunca lle deu resposta a isto, e isto foi no ano 2008. Nunca Cambre obtivo a resposta da Xunta de que aceptaba a parcela para facer o centro de día e a galescola.

Continúa dicindo que foi este goberno do Partido Popular que eles critican, inútil como dixo a voceira do BNG, o que puxo de novo en marcha o asunto, e esas parcelas tivo que segregalas e facer soares para poder edificar. Foron eles os que puxeron en marcha de novo o tema. Nunca a Xunta aceptou facer un centro de día, nunca a Xunta adquiriu o compromiso de facer un centro de día, si adquiriu o compromiso de facer un centro de saúde e de facer unha galescola, pero nunca un centro de día, e este concello debería de sabelo, porque el non estaba gobernando naquel momento, o Partido Popular non estaba gobernando naquel momento, e iso quere deixalo moi claro.

Continúa dicindo que a Xunta non lle cedeu a parcela á Fundación Amancio Ortega, a Xunta ten unha parcela cedida polo Concello de Cambre e atopa un benfeitor, que é a FAO, para que lle faga nesa parcela un edificio, co fin de que despois de que quede terminada a edificación, que lla traspase ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Di que iso é o que está ocorrendo, non hai cesión de parcela para adiante e para atrás, que se agora a Xunta lla dá á Fundación para que a Fundación despois a devolva, non é verdade. A Xunta, dado que o Concello de Cambre lle cedeu a parcela, pona a disposición de alguén que lle vai construír unha galescola, iso é o que fai a Fundación Amancio Ortega, e unha vez terminada dille ao Consorcio que a xestione el.

Iso é o que fixo o goberno de Cambre dende o ano 2008. Por fin hoxe, se o aproban en pleno, terán a realidade de ter unha galescola na parcela do Temple. Esa é a realidade, pero xamais a Xunta lle dixo ao Concello de Cambre que adquiriría o compromiso de construír un centro de día, xamais. Polo tanto, o único que adquiriu ese compromiso foi o Pleno do Concello de Cambre, que decidiu ceder o terreo á Xunta para que lle fixera iso, pero a Xunta nunca lle contestou, é así de claro.

De todas maneiras, di que el agradece a responsabilidade dos grupos, porque este é un proxecto importante para Cambre e agradécelles que teñan tomado a decisión de votar a prol deste proxecto.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que está sorprendidísimo polas palabras do Sr. alcalde. Se a Xunta nunca aceptou a parcela, porque non hai ningún acto de aceptación, pregunta como dispón dela para que a Fundación Amancio Ortega constrúa a escola infantil. Di que hai unha aceptación tácita, unha aceptación tácita que leva consigo os condicionantes que se lle impoñen por parte do pleno municipal para utilizala, e que son que lles constrúa a escola infantil e lles constrúa o centro de día. Se a Xunta non acepta esas dúas condicións, entón non acepta a cesión, co cal, pregunta como sen aceptar a cesión está facendo uso da parcela.

Di que a Xunta aceptou, non por escrito, pero realmente si, porque está cedendo á Fundación Amancio Ortega a parcela, e a súa obriga era construír un centro de día para a terceira idade, cousa que non vai facer. Como dixo antes, a xogada é perfecta, o concello cede o terreo, a Fundación Amancio Ortega fai a escola infantil, e a Xunta non pon nin un peso, pero vende a moto.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López expón que vai dar lectura ao segundo punto do acordo plenario que están a modificar: *“Conceder o uso da citada parcela (que no punto primeiro quedaba claro que se ía cualificar como ben de servizo público para construír un centro de atención a persoas maiores e unha galescola) ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para construír un centro de día de atención a persoas maiores e unha galescola, ao ser a parcela apta para tales edificacións e usos. A concesión de uso efectúase por vinte e cinco anos prorrogables por outros vinte e cinco anos máis.”*

Pregúntalle ao Sr. alcalde se lle quere explicar para que están aquí sentados, porque non ten ningún sentido o que acaba de dicir, e cre que el estase dando conta diso. O acordo plenario di exactamente o que di. O PP votou a prol dese acordo plenario, e os acordos plenarios están para que se cumpran e, no caso de que non se cumpran, para seguiilos e para esixir o seu cumprimento.

Non sabe se realmente o Sr. alcalde segue manifestando ese deixamento e esa languidez de “nós cedemos, nós asinamos, nós acordamos...” mentres a Xunta decide e fai o que lle apetece e dispón ao seu antollo das parcelas, pasándose os acordos plenarios non vai dicir por onde, pero é que non ten ningún tipo de sentido o que o Sr. alcalde acaba de dicir, tendo en conta o acordado pola Corporación anterior.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que despois do que acaba de dicir a compañeira de EU, simplemente quere engadir que, efectivamente, había un acordo plenario, pero como o Sr. alcalde dixo, a Xunta nunca se comprometeu, non hai un compromiso por parte da Xunta. Di que dende o BNG o que lle reprochan ao goberno do PP é que foi incapaz de que a Xunta ou a Deputación adquirise ese compromiso co Concello de Cambre e que o Sr. alcalde non fixera valer que en Cambre son 24000 habitantes e non teñen un centro público de día para os maiores. Precisamente iso que o Sr. alcalde di nese ton tan tallante, é o que eles, dende o BNG, lle están a reprochar.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela o que quere aclarar é que dende o goberno de Cambre non van renunciar en ningún momento a que a Xunta constrúa en Cambre un centro para a terceira idade.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que non é renunciar a que a Xunta o constrúa, e que non renuncian a que a Fundación Amancio Ortega constrúa iso.

Dona M^a Jesús González Roel pregunta se fala do centro da terceira idade.

Dona M^a Victoria Amor Prieto contesta que non, que ela refírese á escola infantil.

O Sr. alcalde pídlle á voceira do BNG, por favor, que respecte a quenda de palabra.

Pola súa parte, dona M^a Jesús González Roel dille que ela non a interrompe cando fala, aínda que di de todo e corrixe aos demais, pero aínda así ela non lle corta a fala, polo que, por favor, pídlle que a deixe falar e que despois opine.

Dona M^a Victoria Amor Prieto pide que a perdoe.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela o que di é que Cambre vai ter unha das maiores escolas infantís que se constrúan a través da Fundación Amancio Ortega, e que esta Corporación en ningún momento vai renunciar a que se constrúa en Cambre un centro para a terceira idade, en ningún momento vai renunciar, a pesar destes cambios, porque os proxectos que fai a FAO son uns proxectos de construción totalmente en planta lisa, non teñen alturas, co cal o terreo non foi suficiente para facer as dúas cousas, pero eles non van renunciar, e di que xa o verán, non van renunciar en ningún momento a que se constrúa un centro da terceira idade.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que quere facer unha puntualización mínima ao que dixo a Sra. concelleira de Servizos Sociais, porque el estivo presente na xunta de voceiros do pasado xoves e ela pode dicir aquí misa cantada, se quere pode cantar a misa en latín, pero o que eles premian é a honestidade, por unha vez, do Sr. alcalde, que lles dixo que na Xunta de Galicia tería que cambiar o goberno para que se construíse un centro de día público para os maiores en Cambre. E a Sra. concelleira segue agora dicindo que este goberno non renuncia.

El dille que este goberno pode declararlle a guerra a Inglaterra, pero o certo é que en Cambre estaba prevista, sen dotación orzamentaria, sen licitación, sen absolutamente ningún tipo de prazo, pero había previsión de facer un centro de día, ou pregúntalle se ela o que lle di é que o pleno municipal do Concello de Cambre se reuniu no ano 2008 para cederlle graciosamente unha parcela á Xunta de Galicia a cambio de nada, chegou aquí Tonecho e dixo “Señores, hoxe imos cederlle unha parcela á Xunta de Galicia” e pregunta se os vinte e un concelleiros votaron afirmativamente. Di que non, que iso non foi así, e ela debería sabelo, porque entre outras cousas, nese momento ela era concelleira.

Polo tanto, dille que non diga agora que a FAO fai edificacións en planta lisa, iso é unha tomadura de pelo total e absoluta ao conxunto dos veciños. O equipo de goberno está dicindo que non renuncian a construír un centro de día, e a el parécelle moi ben, parécelle estupendo, e el tampouco renuncia, de momento, a que algún día Meixigo teña un paseo marítimo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro do PGD, integrante do GM. Votan en contra as dúas concelleiras presentes de UxC e abstéñense os dous concelleiros de EU e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 30 de outubro de 2008, e cualificar como ben de servizo público destinado á construción dunha escola infantil, a parcela de propiedade municipal de 2.000 m² sita na unidade de execución nº 11, no Temple, que linda desde o vial V1 da urbanización: Fronte, co dito vial V1; dereita, co vial V2; esquerda, con outra parcela de propiedade municipal; e espalda, co límite sur da unidade de execución e coa rúa Tapia, que forma parte da inscrita a nome do Concello de Cambre no Rexistro da Propiedade nº 7 da Coruña no libro 448, folio 117, finca 32.862 e inscrición 1ª, e que está cualificada como solo de equipamento de interese público e social.

Segundo: Conceder o uso da citada parcela ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para construír unha escola infantil, ao ser a parcela apta para tal edificación e uso. A concesión de uso efectúase por vinte e cinco anos prorrogables por outros vinte e cinco anos máis.

Terceiro: Aprobar o texto do convenio de colaboración a formalizar entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil 0-3 no Concello de Cambre, cuxo texto se transcribe literalmente a continuación:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA, O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE CAMBRE PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL 0-3 NO CONCELLO DE CAMBRE

Cambre, __ de _____ de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, don Óscar Ortega Chávez, director xeral da Fundación Amancio Ortega que foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña con data do 10 de xullo de 2001, clasificada como fundación mixta por Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG nº 176, do 11 de setembro) e declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG nº 186, do 25 de outubro).

Doutra parte, dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar, nomeada polo Decreto 81/2009, do 19 de abril, e presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, publicados no DOG nº 131 do 7 de xullo de 2006, de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

E doutra, don Manuel Rivas Caridad actuando en representación do Concello de Cambre, en virtude da súa condición de alcalde presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN

I. Que a Fundación Amancio Ortega (en diante a FAO), declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG nº 186, do 25 de setembro), ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadxuven á difusión e extensión da cultura, da educación, da investigación e da ciencia en calquera das súas manifestacións.

II. Que a Fundación Amancio Ortega está interesada en colaborar á mellora das condicións e oferta das prazas públicas do primeiro ciclo de Educación Infantil existentes na Comunidade Autónoma de Galicia na actualidade, mediante a construción de edificios e/ou instalacións axeitadas.

III. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, dispón no seu artigo 31, que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para o desenvolvemento lexislativo e execución da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos,

modalidades e especialidades, de conformidade co disposto no artigo 27 da Constitución e as leis orgánicas que o desenvolven, sen prexuízo das facultades que atribúe ao Estado o artigo 149.1.30.

IV. Que o artigo 15.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, establece que as Administracións Públicas deben promover un incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo de Educación Infantil, establecendo ademais as políticas de cooperación entre elas e con outras entidades para asegurar a oferta educativa neste ciclo.

V. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio) é unha entidade de dereito público, de carácter interadministrativo, creada en virtude de convenio de colaboración, de data 3 de xullo de 2006, constituído pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar e diversos concellos galegos coa finalidade de participar na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións.

VI. Que o Concello de Cambre (en diante o Concello) acordou a súa integración no Consorcio na sesión plenaria celebrada o 25 de maio de 2006 e, na sesión plenaria do Concello do 30 de outubro de 2008 acordou a concesión de uso dunha parcela de propiedade municipal de 2.000 m² ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para construír un centro de día de atención a persoas maiores e unha galescola. A dita parcela está situada na unidade de execución nº 11, no Temple, que linda desde o vial V1 da urbanización; Fronte, co dito vial V1; dereita, co vial V2; esquerda, con outra parcela de propiedade municipal; e espalda, co límite sur da unidade de execución e coa rúa Tapia, que forma parte da inscrita a nome do Concello de Cambre no rexistro da propiedade nº 7 da Coruña, no libro 448, folio 117, finca 32.862 e inscrición 1ª, e que está cualificada como solo de equipamento de interese público e social.

A dita cesión ten unha duración de vinte e cinco anos prorrogables por outros vinte e cinco anos máis.

VII. Que con data de 26 de marzo de 2012, a FAO e o Consorcio asinaron un convenio para o financiamento de prazas públicas do primeiro ciclo de educación infantil no que se acordou a definición do marco de colaboración entre a FAO e o Consorcio para a construción de escolas infantís da rede pública de Escolas Infantís 0-3 de Galicia xestionadas polo Consorcio. O devandito convenio foi obxecto dunha addenda asinada con data 1 de xuño de 2012.

En desenvolvemento do antedito convenio de colaboración entre a Fundación e o Consorcio e, segundo o previsto no acordo plenario do Concello de 30 de outubro de 2008, as partes formalizan o presente convenio de colaboración coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

É obxecto deste convenio definir o marco de colaboración entre a FAO, o Consorcio e o Concello para a construción pola FAO dunha escola infantil no Concello de Cambre, así como a dotación do mobiliario para o seu adecuado funcionamento, unha vez finalizadas as obras de construción, e a posterior doazón ao Consorcio do equipamento construído para que quede integrado no seu patrimonio formando parte da súa rede pública de centros.

SEGUNDA. Marco xeral de colaboración

Co fin de posibilitar a realización das actuacións previstas ao abeiro deste convenio defínense as seguintes liñas básicas de actuación:

a) O Consorcio e o Concello realizarán todos os trámites que sexan necesarios para a formalización da cesión en favor do Consorcio da parcela de propiedade municipal de 2000 m² situada na unidade de execución núm. 11, no Temple, descrita no Exponendo VI, para a construción nela dunha escola infantil 0-3.

b) O Consorcio, no prazo de un mes desde a sinatura deste convenio, porá a disposición da FAO a parcela descrita no Exponendo VI, conservando a súa condición de ben de titularidade pública, e asinándose a correspondente acta de entrega da mesma.

c) Unha vez posta a parcela a disposición da FAO, esta responsabilizarase, con cargo ao seu patrimonio, por si mesma ou por medio de terceiros, da redacción do proxecto, construción, equipamento e dotación inicial de mobiliario e material didáctico para o seu adecuado funcionamento, dunha escola infantil na parcela posta á súa disposición.

d) Rematada a construción, equipamento e dotación inicial do mobiliario e material didáctico a FAO doará ao Consorcio ou, de ser o caso, ao ente público que asuma as súas competencias, o equipamento construído e este quedará integrado no patrimonio do Consorcio formando parte da súa rede pública de centros, correspondéndolle a responsabilidade da súa posta en funcionamento.

e) Transcorrido o prazo previsto para a cesión da parcela a favor do Consorcio, producirase a reversión gratuíta de todo o construído na parcela obxecto da cesión ao patrimonio municipal, debendo manterse o uso do inmovible, cando menos, por un período de corenta anos.

TERCEIRA. Construción do centro e licenza de obras

a) Previamente á realización daqueles trámites que sexan necesarios para a obtención dos permisos ou licenzas que puideran derivarse da construción ou o inicio da actividade nas escolas, a FAO dará coñecemento do proxecto de construción, equipamento e dotación inicial de mobiliario e material didáctico ao Consorcio para que a través dos seus servizos técnicos emita informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos normativos e funcionais.

b) Emitido o antedito informe, a aprobación da autorización municipal das obras será responsabilidade do Concello de Cambre. O Concello comprométese, mediante este convenio, a facilitar os informes, permisos, autorizacións e/ou licenzas que sexan necesarios para a realización da actuación obxecto deste convenio, e subvencionar estes custos e máis o do importe correspondente ao imposto sobre construcións, instalacións e obras, e para iso, a habilitar previamente, de non existir, o crédito adecuado e suficiente mediante a oportuna modificación orzamentaria. Así mesmo, o Concello comprométese á realización das obras necesarias para a urbanización da parcela obxecto de cesión.

c) A construción, equipamento e dotación inicial de mobiliario e material didáctico para o adecuado funcionamento da escola infantil será responsabilidade da FAO.

CUARTA. Prazos de execución e posta en funcionamento

O prazo máximo para o inicio da obra de construción, unha vez posta á parcela a disposición da FAO, será de seis meses desde a obtención dos permisos ou licenzas necesarios para iso, non podendo transcorrer máis de doce meses desde a data de inicio da obra ata a súa finalización.

A posta en funcionamento da escola infantil realizarase no mes de setembro inmediatamente posterior á recepción da obra, non podendo transcorrer un prazo superior a vinte e seis meses entre a posta da parcela á disposición da FAO e a posta en funcionamento da escola infantil.

QUINTA. Establecemento do servizo

As prazas de educación infantil que se creen serán de titularidade pública, asumindo o Consorcio a responsabilidade da posta en funcionamento da escola infantil no prazo previsto na cláusula anterior e, comprometéndose o Concello á sinatura do correspondente convenio de colaboración co Consorcio para a xestión da escola infantil.

SEXTA. Publicidade das actuacións

Os actos relativos á información e comunicación das actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio, así como os termos nos que se fará pública esta colaboración estableceranse pola Fundación Amancio Ortega, sen prexuízo do cumprimento das correspondentes obrigas en materia de publicidade por parte das administracións públicas asinantes deste convenio.

SÉTIMA. Comisión Mixta de seguimento

O seguimento e avaliación das actuacións previstas ao abeiro do presente convenio encoméndase a unha comisión mixta que estará integrada por un representante do Consorcio, dous representantes da FAO e un representante do Concello, e que se reunirá cando así o solicite algunha das partes e, cando menos, cunha periodicidade semestral.

Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e terá atribuídas ademais as seguintes competencias:

- a) A supervisión do cumprimento dos prazos de execución e o seguimento das obras da escola.
- b) A aprobación de modificación de prazos, cando concorran circunstancias excepcionais debidamente xustificadas e así apreciadas no seo da comisión que determinen a imposibilidade de dar cumprimento aos prazos inicialmente previstos.

As discrepancias que xurdan no exercicio das competencias descritas así como as relativas á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión, comprometéndose as partes a resolver de xeito amistoso estas discrepancias no seo da mesma.

OITAVA. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

Non obstante, de producírense a xuízo da FAO desacordos reiterados no seo da comisión mixta de seguimento que dean lugar á imposibilidade de chegar a unha solución amistosa despois de, cando menos, dúas sesións, e que impidan a correcta execución e desenvolvemento do convenio, a FAO poderá instar a resolución deste. Neste caso, producirase a reversión da parcela a favor do Concello no estado no que se atope, sen que se xere dereito a obter ou esixir ningún tipo de compensación polas partes asinantes do convenio.

NOVENA. Duración

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase co cumprimento das obrigas nos prazos previstos na cláusula cuarta do presente convenio, salvo resolución anticipada do mesmo segundo o previsto na cláusula anterior.

DÉCIMA. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio terá carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no non previsto aplicaráselle os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 15 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

As posibles cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a aplicación, modificación, efectos e resolución do presente convenio serán resoltas de conformidade co establecido na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA

A PRESIDENTA DO CONSORCIO GALEGO DE
SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Óscar Ortega Chávez

Beatriz Mato Otero

O ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBRE

Manuel Rivas Caridad

2.3. Proposta de creación do Consello Xeral de Participación Cidadá

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de decembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 17 de decembro de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira suplente do PP, manifesta que o Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre foi aprobado por unanimidade no pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do 20 de maio de 2011. Ese regulamento ten como obxecto regular as formas, medios e procedementos de participación da veciñanza na xestión municipal, tanto individualmente como a través de asociacións veciñais. A constitución destes órganos é facultativa e a súa creación deberá se acordada polo pleno por maioría absoluta.

Explica que o que se trae hoxe aquí a aprobación é, primeiro, crear con carácter permanente o Consello Xeral de Participación Cidadá, como órgano de participación dende o que se analicen e coordinen as actuacións que afecten ao conxunto do

municipio. En segundo lugar, que a composición e funcionamento do Consello Xeral de Participación Cidadá atenderá ao regulado nos artigos 25 e 26 do Regulamento municipal de participación cidadá do Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que tal e como di a Sra. concelleira o regulamento foi aprobado en maio do 2011, é dicir, hai 30 meses. Dende entón, ten estado apartado, que non aparcado, desoíndo as reiteradas demandas que lle teñen formalizado os diferentes grupos políticos en sucesivos plenos.

Non coñecen o interese que o tecido asociativo e a cidadanía de Cambre lles teñen amosado para a posta en marcha deste consello, pero en calquera caso, dende o grupo municipal socialista non van polemizar sobre este tema de especial interese xeral e van votar a prol da proposta, co fin de que calquera entidade ou cidadán individual se integre e atope no consello unha plataforma dende a que canalizar e, consecuentemente, enriquecer a actividade social e institucional do municipio.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que dende o seu grupo van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, efectivamente, despois de máis de dous anos, por fin teñen enriba da mesa a proposta de aprobación do Consello Xeral de Participación Cidadá. El cre que este documento é unha ferramenta fundamental.

Do que se trata é de que este consello sirva de ferramenta para garantir as fórmulas de participación do conxunto dos veciños, ben individualmente ou ben colectivamente, mediante as asociacións. Trátase da democracia directa, participativa, e a que non se limite a democracia soamente a vir aquí cada catro anos e votar para elixir aos membros políticos desta Corporación.

Continúa dicindo que cando se aproba un regulamento, un documento destas características e desta envergadura, ten que ter unha dotación orzamentaria suficiente, porque aproban un documento, pero cunhas mínimas garantías de que se poida levar a cabo. Por iso, dille ao Sr. alcalde que eles agardan que nos orzamentos do vindeiro ano o equipo de goberno destine unha partida orzamentaria suficiente para que isto se leve a cabo, para que a xente poida participar na medida en que lle corresponde, que os veciños de Cambre poidan ser partícipes na vida política e non, como dixo antes, vir aquí a votar cada catro anos e nada máis.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol do regulamento, e tamén dicir que non é un regulamento orgánico, senón que é un regulamento de participación cidadá.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo se congratulan, parece que chegaron os reis, toman isto como unha especie de agasallo de Nadal, e sinceramente o agradecen.

Transcorreron, como dixo o concelleiro do partido socialista, 30 meses dende que todo este proceso comezara a andar. Ao cabo deste tempo, no que vai de lexislatura, el

persoalmente como concelleiro asistiu a diversas reunións onde se tratou este tema, e por parte do equipo de goberno sempre se lles dixo que había, para poder poñer un pouco a andar todo isto, falta de persoal.

Di que non foi, dende logo, que dende o BNG puxeran nunca ningún impedimento, nin que afearan a conduta do equipo de goberno sobre este particular, ao contrario, dende o Bloque cren que o actual equipo de goberno non ten unha intencionalidade de obstaculizar este proceso, todo o contrario, e así o din publicamente sen que lles doan prendas. É máis, din e queren dicir publicamente que lles parece moi satisfactorio como se está levando a cabo todo o proceso, a empresa coa que se contratou e coa que se contou para realizar os trámites e as últimas reunións e todo o proceso de poñer en marcha o consello sectorial e o consello xeral. Parécelles un bo procedemento, que ademais está a ter bastante participación, e iso é de xustiza recoñecelo, por iso o toman como un agradable regalo anticipado de Nadal.

Si queren sinalar, como concelleiros do BNG, unha cuestión que xa teñen formulado a súa compañeira e el, e que xunto con outros militantes do seu partido teñen falado algunha vez. Di que todos e cada un dos 24000 habitantes de Cambre poden participar das diversas reunións que se teñen realizado. Eles non van, agás algún caso moi concreto e por un tema puntual, case que de invitación e compromiso, pero non é que non vaian porque non teñan tempo, que moitas veces non teñen tempo para ir a multitude de sitios, senón que aquí tomaron eles libremente a decisión, respectando, por suposto, a de cadaquén, que é libérrima e lles asiste todo o dereito.

Di que eles, como concelleiros, consideran que teñen xa mensualmente todas as reunións que poidan ter, comisións, xuntas de voceiros, plenos, etc., para participar da política, e consideran, respectando absolutamente todas as opcións, que este tipo de reunións, na medida do posible, non teñen por que estar politizadas ou mediatizadas por parte dos representantes públicos, senón que lle corresponde á cidadanía tomar aí o protagonismo e utilizar esa canle para unha maior participación democrática.

Conclúe dicindo que así o consideran, así o queren facer público e tirar para adiante con iso. Dende logo o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que mantén o voto favorable da comisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Crear, con carácter permanente, o Consello Xeral de Participación Cidadá, como órgano de participación dende o que se analizan e coordinan as actuacións que afectan ao conxunto do municipio.

Segundo: A composición e funcionamento do Consello Xeral de Participación Cidadá atenderá ao regulado nos artigos 25 e 26 do Regulamento municipal de participación cidadá do Concello de Cambre.

2.4. Proposta de creación do Consello Sectorial de Benestar Social

Vista a proposta da Alcaldía do día 12 de decembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 17 de decembro de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira suplente do PP, manifesta que o que se trae neste punto é a proposta de creación do Consello Sectorial de Benestar Social. Ao igual que no caso anterior, segundo o Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre, aprobado por unanimidade, teñen a opción de poder crear distintos consellos sectoriais. Así o prevé o artigo 27, a posibilidade de crear consellos sectoriais de diferentes áreas ou sectores de actividade municipal en tanto que órganos de carácter informativo, consultivo, ou para formulación de propostas.

Conclúe dicindo que o que traen hoxe para aprobación é, en primeiro lugar, crear con carácter permanente o Consello Sectorial de Benestar Social e, en segundo lugar, acordar que a composición e funcionamento do consello atenderá ao regulado no artigo 28 do Regulamento municipal de participación cidadá do Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o goberno decide unilateralmente cando traer a pleno a creación do Consello Xeral de Participación Cidadá que teñen aprobado e ratificado no punto anterior e, así mesmo, acorda tamén unilateralmente que consello sectorial pon en marcha en primeiro lugar. A día de hoxe non saben tampouco cando e cantos outros consellos sectoriais está previsto poñer en marcha.

Di que probablemente todos estarían de acordo en que a actual conxuntura de progresiva deterioración económica e social impón un foro de participación e deliberación e discusión como o Consello Sectorial de Benestar Social. Estarían de acordo se tivera habido diálogo, pero non houbo diálogo previo.

El onte persoalmente acudiu a unha reunión onde se discutiu o borrador do regulamento de funcionamento do Consello Sectorial de Benestar Social e á dita reunión asistiron, como saben, numerosos representantes do tecido asociativo vinculados ao ámbito social, así como veciños a título individual, por suposto con sensibilidades diferentes. A conclusión que el sacou ao terminar a dita reunión, foi que esa reunión supuxo un exercicio de transparencia, de participación, de diálogo e de consenso que se acadou sobre ese borrador, e quere que iso sirva de espello e de exemplo a este goberno. Como non pode ser doutro modo, o seu voto vai ser favorable á proposta.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que no seu grupo están de acordo co que acaba de dicir o compañeiro socialista sobre que a decisión da creación do Consello Sectorial de Benestar Social non foi dialogada, aínda así, eles apostan totalmente polas políticas sociais, debido, ademais, á situación que se está vivindo actualmente na sociedade. Por iso, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo non vai discutir a necesidade da posta en funcionamento do Consello Sectorial de Benestar Social, pero van insistir no que manifestaron nos distintos foros que houbo respecto deste tema, como foi un hai un mes e o realizado onte. Cre que están asistindo a unha política de feitos consumados, e eles cando fan de participación cidadá o fan no sentido máis amplo da palabra, da participación cidadá. A eles chéganlles e dinlles que se vai crear o Consello Sectorial de Benestar Social, pero é que non se lles propón, non se dialoga coa oposición. Insiste en que el non vai discutir a necesidade, posiblemente sexa o sector máis importante do que hoxe en día hai que botar man, pero ao que se refire é a política de feitos consumados.

Dille ao Sr. alcalde que el imaxina que o goberno municipal non cre na participación, pero el cre firmemente nela, foi un dos eixes fundamentais da súa campaña e do seu programa, por iso llo di e llo reprocha ao mesmo tempo. Xa o dixo o outro día, cando non estaba presente a concelleira responsable, pero onte si estaba presente e el volveu a reiteralo, cre que tiña que haber diálogo entre os grupos co fin de decidir que consello queren crear e cales son as condicións que se dan para poder crealo. Nese sentido repróchanllo, aínda que xa di que estiman que este consello é moi necesario. Polo tanto, di que se van abster, pero baseándose en que non houbo nin a comunicación nin a transparencia suficiente.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e integrante do GM, manifesta que mantén o voto da comisión, que era favorable.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que o Regulamento orgánico de participación cidadá prevé no seu artigo 27 a posibilidade de crear consellos sectoriais en diferentes áreas. Di que vai ler o artigo 27, punto 2, para que quede claro: *“Poderase crear un consello sectorial por cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal, a proposta do alcalde/sa, do Consello Xeral ou dun 10% das entidades inscritas no Rexistro municipal de asociacións veciñais, mediante acordo adoptado polo Pleno.”*, é dicir, poderíase ter feito de distintas maneiras, neste caso foi cunha proposta do alcalde.

Non obstante, di que no pleno do 25 de abril, a unha pregunta de EU, xa contestaron que consello sectorial se ía desenvolver. A pregunta dicía literalmente: *“Para cando ten pensado o goberno a organización e creación destes consellos sectoriais e a posta en marcha definitiva do regulamento, para que entre outras cousas os veciños/as de Cambre poidan facer efectiva a democracia participativa, co fin de que formulen rogos e preguntas aos membros da Corporación ao rematar as sesións dos plenos*

ordinarios, de forma concreta e sobre temas de interese, segundo o contemplado no RPC, aprobado no ano 2011? , e a contestación foi: “O Sr. alcalde contesta que el hai moito tempo, dende que se aprobou o regulamento, que está intentando poñer en marcha todos os consellos sectoriais, empezando, loxicamente por un, e ata que estean todos, pero non e fácil, porque a persoa que teñen, o funcionario, o técnico que teñen en Participación Cidadá, díxolle que tal e como o estaba levando, e tendo en conta, ademais, que máis persoal non o poden contratar, era imposible facelo, que el podía participar e podía axudar, pero non comprometerse ao desenvolvemento dos consellos sectoriais.

En todo caso, como hai unha partida orzamentaria, que agora está aprobada, eles o que van facer é tratar de contratar unha empresa externa que, coa axuda dese técnico, poña en marcha os consellos sectoriais, e o primeiro polo que van comezar é polo consello sectorial de asuntos sociais. Di que isto no prazo de quince días vaise poñer en marcha...” . Di que a partir desa data, que foi cando estiveron aprobados os orzamentos, non co voto de ningún deles, puideron contratar á empresa e poñer en funcionamento o consello.

Engade que simplemente iso, que dende o 25 de abril xa se sabía no pleno que se ía desenvolver ese sector de servizos sociais, e nese momento os grupos puideron ter feito algunha achega ou presentado algunha queixa, pero ninguén dixo nada. A eles pareceulles o máis oportuno, como explicou onte na reunión e, por certo, di que as asociacións non lles transmitiron ningunha queixa por ter posto en funcionamento o Consello de Benestar Social, porque tamén a eles lles parecía que é dos máis importantes nestes momentos que se están a vivir.

Polo tanto, di que ese é o consello que se vai poñer en marcha, e conclúe dicindo que agardan que para os vindeiros orzamentos, se os conseguen aprobar, poder poñer en marcha tamén consellos noutros sectores.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, a Sra. concelleira o dixo ben, eles fixeron unha pregunta para que lles responderan cando podían os veciños de Cambre intervir nos plenos. A día de hoxe, e a pesar do que dixo o Sr. alcalde que xa podían intervir, a día de hoxe aínda non poden, e despois dos quince días do mes de abril, que dixo tamén, están finalizando decembro, ou sexa, que o tempo foi bastante prudencial.

Reitera que non houbo transparencia e non houbo información. Pregunta á Sra. concelleira se sabe o que EU achegou á participación cidadá. O primeiro é que fixeron un boletín e un panfleto que mandaron a todas e cantas asociacións hai no municipio, cos seus recursos. Iso o Concello de Cambre non o fixo, pero eles si o fixeron, para que participaran e se implicaran neste tema, iso fíxoo EU.

Di que están participando activamente en todos e cantos foros celebrou o concello e celebrou a empresa que está organizando os consellos. Di que en todos, e achegando ideas, porque a que non achega cousas é a Sra. concelleira, de feito o outro día houbo un curso e non tivo nin a dignidade de presentarse alí como concelleira responsable, non se presentou. Por iso el di que hai que crer na democracia participativa, e para crer hai que asistir e non facer a comedia moitas veces.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que o Sr. Taibo tamén ten que saber que se non asiste a algún acto é porque está noutro. Onte incorporouse tarde porque estivo reunida con asociacións, pais, e rapaces con discapacidade, para programar o ocio de todo o ano que vén, cousa que nunca se fixo no Concello de Cambre. Ela estivo aquí traballando con eles, porque á parte de benestar social, tamén leva a materia de educación e tamén leva sanidade. Dille que se non pode estar nun acto é porque está noutro, que non lle caiba a menor dúbida.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el non quere que fagan disto unha discusión de tira e afrouxa, e dille ao voceiro de EU que sempre quere a última intervención, e que xa interveu dúas veces.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que un día vanse plantar e non van presentar nin rogos, nin preguntas, nin mocións, e así o Sr. alcalde queda el só aí, e debate el só. Pregúntalle se isto é unha ditadura, porque este é un pleno municipal e están falando de democracia participativa, e o alcalde estalle privando de falar aos concelleiros, pídelles que sexan serios.

O Sr. alcalde dille que, se llo permite, aquí aprobaron entre todos un regulamento municipal, e o regulamento é para respectalo, se non o fan e a el lle dá igual, está ben, e se quere levantarse e deixalo só, parécelle ben, el non llo vai discutir, pero teñen máis puntos na orde do día e o Sr. Taibo fai unha cuestión prioritaria de que non se lle deu participación nin se lle consultou por que consello empezar. Dille que, por favor, que eles comezaron polo que creron mellor, e iso foi contestado a unha pregunta de EU o 25 de abril.

Continúa dicindo que o Sr. Taibo, dende o mes de abril ata hoxe, puido ter dito por que non empezaban por outro consello. Non dixo nada, vén hoxe aquí e lánzao no pleno como unha arma. El cre que ese tira e afrouxa non ten ningún percorrido, pide que sexan sinceros. En todo caso, se queren seguir intervindo, el non lles vai poñer pegas, seguen aquí no pleno ata as doce, e punto, non tratarán máis temas dos que hai na orde do día.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el para nada vai negar o traballo que desenvolve a Sra. concelleira, para nada, ten un traballo activo, dixo que non pode ir aos consellos e a distintos sitios porque está moi ocupada, e a el parécelle ben, pero tamén lle vai no soldo. Dille que ela cobra, mentres que eles asisten e non cobran, e van aos consellos, e esta semana cre que tivo cinco reunións municipais e intentou ir e cumprir. A ela vaille no soldo, é a súa obrigaón como responsable política.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que claro que é a súa obrigaón, e trata de cumprila, non vaia dicir el a última palabra, o que non pode facer, ou de momento non sabe como, é estar en dous sitios á mesma vez, iso de momento non o conseguiu, agora ben, cumprir, dende logo que ninguén lle ten dito nada de nada de que ela non cumpre co seu traballo, e que vai implícito no seu soldo, por suposto que si.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Crear, con carácter permanente, o Consello Sectorial de Benestar Social.

Segundo: A composición e funcionamento do Consello Sectorial de Benestar Social atenderá ao regulado no artigo 28 do Regulamento municipal de participación cidadá do Concello de Cambre.

2.5. Aprobación, se procede, do expediente número 2/2013, de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 13 de decembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 17 de decembro de 2013.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata dun expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores por un importe total de 28700 euros. Supón unha excepción ao principio de anualidade orzamentaria, son facturas que por diversos motivos non puideron ser aprobadas no exercicio correspondente e que, polo tanto, requiren a aprobación plenaria. En concreto tres desas facturas van con informe de reparo e ese é o motivo, o resto son facturas que teñen sido presentadas por rexistro unha vez transcorrido o ano natural e, polo tanto, teñen que ser aprobadas agora.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster neste punto. Si lle gustaría que a Sra. concelleira tamén aclarase que algúns dos informes de reparo son por falta de procedemento, por ausencia total de procedemento e contratación verbal.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, expón que o seu grupo ten unha dúbida coa factura do día 6 de xullo de 2012, o patrocinio da volta ciclista á provincia da Coruña 2012. Entende que esta é a terceira etapa da volta á Coruña que se fixo aquí en Cambre, e a súa dúbida vén porque o seu grupo, no pleno do 26 de xullo de 2012, preguntoulle ao concelleiro responsable da área de Deportes, canto ía ser o custo desa etapa para o concello, e o concelleiro respondeu que a nivel económico cero euros, que ía a cargo dunha subvención que se tiña solicitado ao Consorcio das Mariñas antes de realizarse o evento. Por iso pregunta por esta factura.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, responde que efectivamente cando se decide contratar a volta ciclista coa Federación Galega de Ciclismo, hai unhas reunións nos meses previos á súa realización e nunha delas, no

Consortio das Mariñas, acórdase que a última etapa, que era a que correspondía ao Concello de Cambre, ía pasar por seis dos concellos que compoñen o Consorcio das Mariñas, realizando as metas volantes en cada un deses concellos. O reparto que se tiña formulado naquel momento era que cada concello, a través dos fondos dos que dispón o Consorcio das Mariñas, ía achegar 2000 euros para cubrir a contía dos 8000 euros da factura. É dicir, o Consorcio das Mariñas sería o que sufragaría a factura.

Realizouse o evento, e cando se puxeron en contacto co Consorcio das Mariñas para levar a cabo o abono dese financiamento, informáronlles de que non había partida orzamentaria destinada para tal efecto.

Di que eles, ao longo deste ano, e aínda fai relativamente pouco, seguiron recordándolle ao Consorcio das Mariñas que ese compromiso co Concello de Cambre está vixente. O feito de que a este pleno teñan que traer esa factura é porque é do ano 2012 e hai que aboala, a federación realizou o traballo e hai que aboalo, despois terán que tomar as medidas que estean nas súas mans para que o Consorcio das Mariñas lles abone a eles ese diñeiro.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que, entón, isto é como o da consellería. O Consorcio das Mariñas adquire un compromiso co Concello de Cambre e ao final o Concello de Cambre ten que pagar 8000 euros porque aquí se celebrou unha das etapas da volta á Coruña.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, solicita que se lles explique polo miúdo os reparos que hai a tres facturas. Dos 28724 euros que se traen, 10686 teñen reparos de Intervención. Unha delas non está seguro de se é por propaganda ou por algún contrato que o goberno ten co xornal Metropolitano. Di que non sabe se é un contrato que teñen con eles ou é propaganda que o goberno insire nese xornal cada tres meses. Gustaríalle que lle explicaran que problema hai con iso.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo non teñen problema en intervir, pero estaban vendo que as respostas que lles dan aos grupos da oposición estaban sendo individualizadas, non foi así co voceiro de EU, e non sabe se é que non teñen resposta ás súas preguntas.

O Sr. alcalde dálle a posibilidade de contestar a dona Marta M^a Vázquez Golpe, quen sinala que contestará ao final das intervencións.

Don Daniel Carballeda Rodríguez sinala que non hai ningún problema. Expón que eles aquí, poderían aplicar a lóxica manifestada pola Sra. concelleira M^a Jesús González con respecto aos orzamentos municipais, segundo a cal se votan en contra dos orzamentos municipais despois non teñen nada que recriminar en temas como a posta en marcha do Consello Xeral de Participación Cidadá, é unha lóxica fascista, pero é a súa lóxica e parécelle estupendo. Pero eles, non obstante, vanse abster, porque di que eles diferencian perfectamente cal é un punto na orde do día que ten que ver con aspectos de xestión, e outro que ten que ver con cuestións políticas.

Entenden que os orzamentos municipais teñen un punto de debate no que pode haber diferentes puntos de vista, motivados por diverxencias ideolóxicas ou simplemente do que entenden deben ser as prioridades do concello. Hoxe, o que equipo de goberno trae aquí son, efectivamente, a groso modo, unhas facturas pendentes de pago. Algunhas delas veñen con informes de reparo, que eles agardan, non polo seu ben senón polo conxunto dos veciños de Cambre e pola honestidade e honorabilidade deste concello, que expliquen fidedignamente. Di que por iso tiña el interese en que explicaran, como antes fixo o concelleiro don Fernando Caride, as cuestións formuladas por EU.

Reitera que eles vanse abster, porque eles son unha oposición que formula as súas cuestións, que intenta, na medida do posible, gañar con argumentos, que son conscientes de que son un grupo municipal pequeno, pero que non renuncian a chegar a consensos en asuntos importantes. Detrás disto hai empresas que queren, loxicamente, cobrar polo traballo que realizaron para o Concello de Cambre. Responsabilidade do goberno era que este tema chegara ao pleno sen o máis mínimo informe contrario por parte de Intervención, non puido ser así, pero eles o que non van facer é penalizar ás empresas, aínda que tampouco lle van dar ao goberno carta branca, nin unha palmada nas costas en plan que ben o fan.

Di que sobre todo o que non van tolerar son manifestacións dese tipo, por suposto que votaron en contra dos orzamentos, só faltaría, foi en exercicio da súa liberdade como concelleiros, e iso non lles inhabilita para despois facer as consideracións que consideren oportunas. Dito isto, o seu voto, para facilitar que este tema vaia para adiante, vai ser abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai manter o voto da comisión.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que eles tamén son un goberno que responde ás preguntas que a oposición lles formula con moito gusto. Se esa é a demanda que o Sr. concelleiro lles está facendo, ela non ten ningún inconveniente en ir explicando unha por unha cada factura, e explicar o motivo polo cal se teñen presentado a este pleno.

Así pois, di que comeza pola primeira, subministración de enerxía eléctrica no lugar dos Campóns, polideportivo. Esa é unha factura que foi presentada en rexistro no ano 2013, polo tanto, non puido ser incluída no orzamento do ano 2012, e a lei di que todo este tipo de facturas que se presentan fóra do ano natural teñen que ser levadas a pleno para que o provedor poida cobralas.

O motivo é o mesmo que para as facturas 068/13, A2013204328, A2013204329, A2013204330, A2013289051, A2013289052, A2013289053, 2/2013. Todas estas, son facturas de subministracións nas que os técnicos do departamento correspondente non estiveron conformes coa facturación que se fixo a primeira vez e, polo tanto, esixiron que esas empresas emitiran unha nova factura cun importe menor ao que en principio reclamaban. Son facturas que estiveron en revisión e que grazas a esa función revisora que fixeron os equipos técnicos, se teñen reducido.

Respecto da factura da volta ciclista á provincia da Coruña 2012, que é unha das facturas que lle piden que explique, ela vaise cinguir aos informes de Intervención, porque son realmente os informes técnicos e os motivos polos que se traen estas facturas a pleno. O informe de Intervención o que di é que é un contrato de patrocinio, que é un contrato privado, e que como tal contrato réxese pola lei de contratos das administracións públicas e, nese sentido, é un contrato público, pero nos seus efectos e extinción é un contrato privado, polo tanto, non se pode considerar un contrato administrativo, xa que nos seus efectos sería un contrato privado. Si que na súa preparación debería terse seguido o procedemento negociado sen publicidade, no que se prevé que pode non existir concorrencia no suposto en que a concorrencia sexa contraria á propia natureza do contrato, como é este caso. Aquí o que se atopan é que se ten omitido unha cuestión formal, pero que o resultado, de calquera forma, tería sido o mesmo, polo tanto, é unha cuestión formal e non de ilegalidade. É totalmente legal o que o concelleiro de Deportes fixo, e si que houbo un defecto formal, pero que non afecta á validez.

A seguinte factura, a limpeza extraordinaria do campo de fútbol Dani Mallo, é do festival Brincadeira 2012. Isto foi porque a afluencia de público foi maior da que se esperaba, sobre todo para a zona de cámping, polo tanto, á última hora, o segundo día de festival, tiveron que habilitar unhas duchas, e houbo que facer unha limpeza extraordinaria fóra da contratada polo festival. Foi unha cuestión de urxencia e necesidade.

E a factura da revista Metropolitano, son unhas facturas que estiveron paradas, porque se trataba dunha empresa que en principio estaba facturando como S.L., como Metropolitano S.L., e posteriormente, dun día para outro e sen previo aviso aos servizos económicos, comezou a facturar como Rioboo Castro José Ramón. Loxicamente non se pagaron esas facturas ata que esa persoa aclarou por que xa non facturaba a S.L. e facturaba unha persoa física. Resolveu o defecto e loxicamente son facturas que hai que pagar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás expón que el facía a pregunta porque hai uns pagos que parecen son trimestrais, de propaganda, e a súa pregunta é se cada trimestre se gastan 2050 euros en propaganda no Metropolitano.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe explica que este é un contrato que vén de antes, e non é por publicidade, é simplemente unha achega que fai o Concello de Cambre ao Metropolitano, porque presta un servizo público de difusión publicitaria de todos os actos do concello, o mesmo que ocorre en Betanzos, en Carral ou en Arteixo. Págase de forma trimestral, pero é un contrato que nace da anterior lexislatura, é dicir, o grupo de goberno actual non contratou nada co Metropolitano S.L., a partir de agora Rioboo Castro.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás recoñece que efectivamente vén da anterior Corporación, pero di que non sabe se o equipo de goberno ten a potestade de rescindilo, imaxina que si. A el chámalle a atención que nos momentos nos que están, coas necesidades que hai, que se gaste tanto diñeiro en propaganda, cando hai xente, como todos saben, furgando nos contedores, e cando os rapaces teñen que

levar os “tupper” ás escolas. Parécelle que gastar ese diñeiro en propaganda é unha verdadeira barbaridade.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD). Votan en contra as dúas concelleiras de UxC, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente número 2/2013 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2013 por importe de 28.724,84 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Núm. Factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
Concepto factura				
03110510265531	28/05/2011	B82207275	UNION FENOSA COMERCIAL, S.L.	99,24
SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA LUGAR OS CAMPÓNS POLIDEPORTIVO DE 01/04 A 26/05/11				
000537	06/07/2012	G36644870	FEDERACION GALEGA DE CICLISMO	8.000,00
PATROCINIO VOLTA CICLISTA PROVINCIA A CORUÑA 2012				
164/11	07/11/2012	34893864N	RIOBOO CASTRO JOSE RAMON	2.050,95
INSERCIÓNS PUBLICITARIAS NO METROPOLITANO: TERCEIRO TRIMESTRE 2012				
017/013	20/02/2013	B15906654	ROMERSAN 2, S.L.	635,25
LIMPEZA EXTRAORDINARIA CAMPO FÚTBOL DANI MALLO (FESTIVAL BRINCADEIRA 2012)				
068/13	05/04/2013	B15086556	GALIPRESS S.L.	1.210,00
PUBLICIDADE EN REVISTA TODODEPORTE CORUÑA ESPECIAL O DEPORTE NO CONCELLO DE CAMBRE				
A2013204328	08/05/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.164,60
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A LG ABRIGOSA, 2-A: 2º TRIMESTRE 2012				
A2013204329	08/05/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.088,70
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A LG TARROEIRA DE TABEAIO, 54-A: 2º TRIMESTRE 2012				
A2013204330	08/05/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	3.321,10
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A LG TARROEIRA DE TABEAIO, 69-A: 2º TRIMESTRE 2012				
A2013289051	04/07/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.844,07
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A ABRIGOSA, 2-A: 3º TRIMESTRE 2012				
A2013289052	04/07/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.646,89
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TARROEIRA DE TABEAIO, 54-A: 3º TRIMESTRE 2012				
A2013289053	04/07/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	3.484,04
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TARROEIRA DE TABEAIO, 69-A: 3º TRIMESTRE 2012				
2/2013	25/09/2013	76360838X	COSTA LAGO JOSE MARIA	180,00
COLABORACIÓN XXI SEMANA MICOLOXÍA CAMBRE 2012				
Total				28.724,84

2.6. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 17 de decembro de 2013.

Visto a proposta do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos do día 19 decembro de 2013.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, explica que o que se propón para este POS 2014 é a substitución, nalgúns casos a ampliación, de redes de abastecemento en varios puntos do termo municipal, motivado na antigüidade dos tubos, algúns deles de máis de 30 anos, e que lles están dando problemas de roturas, de fugas de auga, etc. Tráese este proxecto para intentar minimizar esas perdas. Son zonas totalmente consensuadas entre os técnicos municipais e a empresa concesionaria do servizo. Eles entenden que esas zonas son as máis prioritarias, e por iso as inclúen no POS principal cun importe de 259374,38 euros.

Para o complementario, hai unhas actuacións na zona de Peiraio, nunhas zonas nas que tamén hai algúns problemas con pluviais, no centro de Peiraio, arriba, e tamén pavimentar a estrada principal de Peiraio que está bastante estragada, sobre todo na zona antes do chegar ao centro, polo tema da instalación do saneamento. O importe do plan complementario é de 88166,89 euros. O resto do POS vai para gasto corrente 136062,99 euros.

Conclúe dicindo que o martes facilitoulles un pequeno avance e hai unha pequena diferenza na cantidade de diñeiro do POS principal, porque ao facer o informe urbanístico detectouse que había un tramo dunha rede a substituír que estaba en camiño privado, por un acordo plenario do 2005, polo tanto, vai un pouco máis a gasto corrente, porque se reduce ese anaco.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo vanse abster neste punto, porque entenden que tanto ao seu grupo como ao resto dos grupos da oposición, non se lles deu ningunha oportunidade de consensuar ningunha desas ou doutras obras que puideran ver como prioritarias á hora de investir os 395000 euros que a Deputación da Coruña lle concedeu ao Concello de Cambre para as obras do POS.

Di que para eles este é un exemplo máis desa actitude que teñen, prepotente, á hora de non falar co resto dos grupos e consensuar temas que teñen que ser moi fáciles, porque el non di que as obras que se traen a estudo e aprobación non sexan necesarias, de feito, xa noutros plenos se falou das perdas que hai no abastecemento de auga e demais necesidades que ten. En Cambre teñen que lembrar que hai 13 parroquias, entende que tamén podería ser tido un pouco máis equitativo ese reparto. Pero ben, eles non poden entrar a valorar nada diso, entenden o esforzo que se fai en pasarlles a información, pero dende logo coa información que se lles pasa hoxe, por correo electrónico ás 14:40 horas, cando o pleno o teñen ás 20:00 horas, tampouco teñen moita marxe a estudar eses cambios que lles comenta agora o Sr. concelleiro.

Entenden que todas esas obras que se presentan aquí, ademais, teñen que ver con renovación de abastecemento de auga, sacando esa pavimentación en Peiraio. Tamén entenden que iso veña dado por esas preguntas que se fixeron, por esas perdas que hai no abastecemento, pero tamén lembran que hai tramos no abastecemento de auga en Cambre, onde en concreto aínda quedan algúns con tubos de fibrocemento, que aquí non se contemplan.

Por outro lado, nas obras do POS dende logo que co seu grupo estase en débeda, porque hai un acordo plenario con motivo dos orzamentos do 2012, segundo o cal hai parroquias de Cambre onde en pleno século XXI non teñen nin un só metro de rede de sumidoiros. Entenden que para acometer esas obras o primeiro que hai que facer é un proxecto, polo que poderían ter destinado parte deste POS á redacción dese proxecto.

Dito iso, como pouco máis poden valorar, a el gustaríalle pedirilles, unha vez máis, que traten de consensuar os temas, que ademais son importantes para todos os veciños, e cre que toda a oposición ten demostrado de sobra a responsabilidade cando se trata de consensuar temas que lles importan a todos, por exemplo acaban de aprobar temas de participación cidadá. Di que estes son os temas nos que precisamente hai que consensuar e facer unha participación.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que dende o seu grupo vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a pesar de que non participaron, e a pesar de que a través dos anos, dende hai moitísimo tempo, veñen solicitando que queren participar sobre todo nas obras do POS, di que sinceramente non poñen en dúbida a necesidade destes investimentos. Saben que é necesario, así o denunciaron no pasado pleno de novembro e no pleno de outubro. Este concello non se pode permitir que se lle vaia a auga polo sumidoiro e que estean pagando. Estanse perdendo miles e miles de metros cúbicos que os veciños e veciñas de Cambre están pagando. Está demostrado que se produciron 250 avarías nas distintas redes de abastecemento de Cambre, pero á parte das redes tamén hai depósitos, por exemplo dous depósitos nos que está contrastado, e así o contempla o informe, que teñen fugas.

Continúa dicindo que hai outros dous depósitos que non saben se teñen fugas porque non se poden controlar, e pregúntalle ao Sr. Marante por que non se poden controlar. El cre que ao mellor é que non hai a vontade suficiente ou os medios técnicos suficientes para controlalo, e quizais con pouco investimento poderían facelo, pregunta por que non se meten os caudalímetros para saber a auga que entra por un depósito e saber a que sae. Pregunta por que non se fan investimentos niso, por que non se mira de reparar os depósitos, porque aquí o único que tratan de reparar son os tubos, non os depósitos. Pregunta se van seguir permitindo que se vaia a auga por aí.

Di que en Cambre se perde moitísima auga, que en Cambre o tema da auga é unha cruz no concello, e todos o saben.

Por outra parte, tamén quere que lle explique o Sr. Marante o temas dos camións. Segundo pon no informe, fan uso dos servizos das bocas de rego que hai no concello e parece ser que non pagan. El cre que tería que haber control de contadores, porque ten que haber moito control da auga en Cambre, e que os veciños de Cambre paguen o que realmente consumen, pero non que a auga se vaia polo sumidoiro e teñan que pagarlle a Emalcsa o que non pasa polos contadores. O informe recolle o tema dos camións que fan uso da auga sen ningún control e reitera que el cre que para esas cousas debería haber un control.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster neste tema, pero antes gustaríalle que o Sr. Marante lle clarificase as cousas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo gustaríalles votar a prol, lamentablemente non van poder facelo. Vanse abster, sabendo que dalgunha maneira facilitan a realización e concreción desas obras.

Di que lles gustaría votar a prol porque entenden, como expuxeron aquí os compañeiros da oposición, que isto perfectamente se podería sacar adiante por consenso. Cre que iso iría en beneficio de todos.

Fixo mención o compañeiro do grupo socialista aos orzamentos do ano 2012, que se aprobaron co voto favorable do grupo socialista a través dunha serie de emendas que eles presentaron, que foron tidas en conta e facilitaron o seu voto a prol. Tamén el, facendo valer ese acordo, que á fin e ao cabo é de toda a Corporación, lle gustaría que lle deran unha explicación de por que esas obras prometidas aínda non se concretaron e non son recollidas en sucesivos plans que continúa aprobando o Concello de Cambre.

Tamén quere dicir, e vai en certa maneira en beneficio do equipo de goberno, que os POS xa non son o que eran, especialmente no que ten que ver coa dotación orzamentaria para a realización de obras, porque a Deputación autoriza que parte do gasto se invista en gasto corrente do concello e non en obras, como primoxeneamente era o espírito do POS.

Di que eles poden estar incluso, fixesen no que lles di, de acordo no espírito, por así dicilo, das obras que hoxe traen aquí relativas ao tema da auga, como o estiveron no pasado. Hai cousa dun ano estaban falando aquí dun plan destinado á contaminación lumínica e sobre todo á eficiencia enerxética, é dicir, levar a cabo unha serie de investimentos para poñer un pouco de orde niso, e o BNG estaba de acordo niso, como están hoxe de acordo en que efectivamente hai que tomar mando no problema da auga.

Recollendo un pouco o que dicía o compañeiro de EU, convidan ao equipo de goberno a que igual era bo un día sentarse entre todos e propoñer, por que non, unha especie de plan plurianual, porque eles saben que o desaguisado que hai no tema da auga en Cambre non o pode resolver nin este nin ningún goberno, nin nun ano, nin nun POS, nin practicamente nunha lexislatura. Pero si se poden consensuar que medidas van

tomar prioritariamente, segundo vaia habendo fondos, e tamén contando co criterio dos técnicos, eles con iso daríanse por moi satisfeitos.

Continúa dicindo que a principal obra que se concreta, o principal investimento individualizado, é no lugar de Peiraio, e o BNG está moi de acordo con esa obra, cren que é un dos lugares que con base na súa densidade de poboación e dada a complexidade que ten como núcleo, como maraña urbanística, merece neste caso unha posta ao día e a ampliación da rede de saneamento de pluviais e, consecuentemente, a pavimentación, tamén co espírito de que iso contribúa dalgunha maneira ao Plan xeral que se elabore no seu día. Que Peiraio teña máis infraestruturas, teña unha rede de saneamento que permita un crecemento urbanístico ordenado e que a xente de alí poida ter máis garantías de que o lugar de Peiraio poida crecer, por iso o ven positivo.

Xa di que lles gustaría que isto fora máis consensuado, porque todos poderían votar a prol. Se algún día conseguen entre todos pararse, para poñerse de acordo en temas de infraestrutura que son fundamentais para Cambre, pois el cre que iso sería algo positivo, non xa para eles como oposición nin para eles como goberno, senón para o conxunto dos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el cre que son obras importantes e de interese xeral para todos os veciños e, polo tanto, o seu voto vai ser favorable. Tamén quere defender que a Deputación prevea que se poidan utilizar parte deses investimentos para gasto corrente, porque teñen que ter en conta que ao mellor non é o caso do Concello de Cambre, grazas a Deus, pero si o de moitísimos concellos que grazas a esa subvención de gasto corrente están subsistindo nestes momentos.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que todos falan de consensuar o tipo de obras que van facer, pero están todos convencidos de que teñen un problema de perda de auga importantísima, nalgúns depósitos, pero fundamentalmente nas redes.

Simplemente o que dixo antes, a empresa adjudicataria do servizo é a que realmente coñece as redes que máis auga poden perder, porque depende da sección do tubo, ao mellor ven algunhas que teñen seis roturas e resulta que se cambia unha que ten tres soas, depende da capacidade dos tubos e da importancia que teña. Foi a empresa Augaservi quen lles dixo que estes deberían ser, por esa orde, os tubos que deberían cambiar, son os máis urxentes para cambiar, iso co beneplácito dos técnicos municipais. Di que el non interveu para nada, nin en que fora dunha maneira nin doutra, son criterios puramente técnicos.

Respecto do tema do gasto corrente, eses 136000 euros van ir practicamente destinados a pagar a limpeza viaria. O concello gasta un total de 211000, e eses cartos van servir para axudar a cubrir ese gasto.

Con respecto aos saneamentos de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, aos que fixo referencia o concelleiro socialista, quere dicirlle que non están parados con ese tema, agora mesmo teñen un proxecto feito para Andeiro, cun orzamento aproximado de 280000

euros, co fin de instalar unha depuradora na zona do lavadoiro e chegar saneando todo cara arriba ata o cruzamento de Gosende. Teñen incluso apalabrado o terreo para poñer a depuradora, o que pasa é que houbo tamén algunhas achegas veciñais que foron escoitadas, el foi ver cousas por alí, e posiblemente haxa que modificalo, ampliálo, e cambiar a localización da depuradora, para que dea un mellor servizo. Iso como consecuencia dunhas achegas que lles fixeron uns veciños.

Reitera que seguen traballando, que non teñen esquecido o tema do saneamento nesas dúas parroquias, tanto Sta. M^a de Vigo como Andeiro, de feito en Sta. M^a de Vigo tamén se falou e se miraron algúns posibles terreos para compralos e poder colocar a depuradora.

Conclúe dicindo que non están parados co tema, pero entenden que agora mesmo o que teñen é un problema tremendo coas perdas de auga, por iso se propón isto para este POS.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el fixo un par de preguntas que non lle foron contestadas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez contesta que en relación coas bocas de rego, ao que se refire o informe é aos camións de bombeiros ou de protección civil. Están sen contador e cando veñen enchen de auga o camiión na bocas de rego, para iso son, e precisamente non está controlada a cantidade de auga que se carga en cada unha delas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás expón que en relación con ese tema, no artigo 9.6, no prego de condicións da contratación da xestión da auga, especifica claramente iso, que as bocas de rego teñen que estar precintadas e que o concesionario ten a potestade para facturar a quen sexa, ao concello ou a quen sexa, para saber a auga que vai para aí.

Di que teñen que saber a auga para onde vai, teñen que saber nos propios parques a auga que se consume. Pregunta se a día de hoxe o Concello de Cambre ten coñecemento da auga que se perde polos sumidoiros. El agora non o sabe, pero hai uns anos fíxose un estudo e perdíanse 400000 m³/ano. Di que é moito diñeiro.

Hai tamén outra cuestión que non sabe se estimaron e que, ao mellor, é unha cuestión máis técnica. Cre que nos depósitos nos que se perde auga, e di que é unha idea que ao mellor vale como achega, aínda que os técnicos saben bastante máis que el disto, habería que meter uns caudalímetros, como están facendo noutros concellos que se preocupan por este tema. Ver a auga que entra e a que sae, e así saben por onde se vai a auga.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el transmitirá aos técnicos a súa suxestión sobre os caudalímetros, verán a posibilidade de poñelos. En todo caso, non poden ter precintadas as bocas onde cargan os camiións de bombeiros e protección civil, están precisamente para emerxencias, que basicamente é protección civil de Cambre e, puntualmente, ao mellor se hai un incendio na zona de Cambre, que veña un camiión que sexa dos bombeiros doutra base, pero en fin, para

dar servizo á xente de Cambre basicamente. Son un servizo público, non é que veña algún particular a coller auga para un tanque privado, iso non ocorre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar e a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2014, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS EN SIGRÁS DE ABAIXO (SIGRÁS), PEIRAIÓ (BRIBES), A TORRE (SAN LOURENZO) E OUTROS	259.374,38 €	0 €	259.374,38 €
SUBTOTAL OBRAS	259.374,38 €	0 €	259.374,38 €

Aprobar o proxecto da obra incluído na anualidade 2014 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	136.062,99 €
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	136.062,99 €

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	259.374,38 €	0 €	259.374,38 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	136.062,99 €	0 €	136.062,99 €

TOTAL	395.437,37 €	0 €	395.437,37 €
--------------	--------------	-----	--------------

Segundo: Aprobar o Plan complementario do ano 2014 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación da obra	Presuposto
RED DE SANEAMIENTO E PAVIMENTACIÓN EN PEIRAI0 (BRIBES), CAMBRE 2013	88.166,89 €
TOTAL	88.166,89 €

Terceiro: Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto: Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2014 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2014 se a houbera.

Quinto: Solicitar da Deputación provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sexto: Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sétimo: Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2.7. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

O Sr. alcalde explica que, como dixeron o outro día nas comisións informativas, o grupo de goberno trae unha modificación urxente da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo vertido na rede de sumidoiros para a EDAR de Bens.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, dá lectura á xustificación da urxencia da moción presentada, que consta do seguinte teor literal:

“De conformidade co establecido nos artigos 99.4 e 115.1c) do Regulamento orgánico municipal, procédese a motivar a urxencia da proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo:

Tendo en conta que os Concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros teñen encomendada a prestación do servizo de depuración de augas residuais á EDAR de Bens S.A., sendo esta empresa a que responderá do custo do servizo.

Á vista de que todos os concellos anteditos teñen o compromiso de aprobar en sesión plenaria as correspondentes modificacións nas súas respectivas ordenanzas municipais para comezar a aplicar a taxa polo servizo da rede de sumidoiros no exercicio correspondente ao ano 2014.

Á vista da imposibilidade material de ter preparada a necesaria documentación en forma e prazo segundo o artigo 99 do Regulamento orgánico municipal, é polo que se require ao Pleno para que, por maioría absoluta, ratifique a urxencia da presente proposta e proceda, polo tanto, ao seu debate.”

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada pola concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo para a modificación da Ordenanza fiscal número 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros

Vista a moción da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 16 de decembro de 2013.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que como xa dixo é unha proposta de modificación da ordenanza fiscal número 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros. É algo que vén do pleno do mes de setembro onde toda a Corporación aprobou a entrada do Concello de Cambre na sociedade de capital público EDAR Bens, e con iso créase o servizo público municipal de depuración de augas residuais para o Concello de Cambre. A creación do dito servizo ten, obviamente, un custo anual que se estima en case 7 millóns de euros, que sería o custo total para todos os concellos que forman parte da EDAR, e o estudo económico-financeiro que achega a propia dirección da EDAR Bens, recolle que a Cambre lle correspondería unha taxa por metro cúbico de 0,28 euros/m³.

Polo tanto, di que o artigo queda redactado establecendo unha cota tributaria de 0,25 euros/m³ polo servizo de evacuación de augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipais, e de 0,28 euros/m³ de auga efectivamente consumida polo servizo de tratamento e depuración, é dicir, a cota tributaria de 0,28 euros refírese aos metros cúbicos efectivamente consumidos sen que se esixa un consumo mínimo para aplicala.

Conclúe dicindo que ese sería basicamente o resumo do informe que aparece na documentación, e se hai algunha cuestión que resolver, poden facelo.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, expón que antes de comezar quere facer unha aclaración, a Cambre correspóndelle a mesma cota que a todos os concellos, é a mesma taxa.

Respecto da aprobación desa taxa, di que é unha taxa e, como tal, ten que estar suxeita a non superar o custo real ou previsión e o informe que lles presentan dende a sociedade EDAR Bens, dende a empresa pública EDAR Bens, máis que nada é unha previsión, polo tanto, dende o seu grupo séntense incapaces de valorar se a taxa que van aprobar se corresponde ou non realmente cos custos do servizo.

Hai uns meses o abano que se barallaba era de entre 0,25 e 0,28. Entenden que a sociedade finalmente optou por aplicar a tarifa máxima e, nese sentido, se ben vanse abster coa finalidade de que o servizo entre en funcionamento, si que van estar vixiantes, co fin de ver a posibilidade de reducir os custos para poder reducir tamén a taxa de cara a non prexudicar máis os maltreitos petos dos cidadáns de Cambre.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que cando se tratou o tema de entrar da EDAR de Bens neste pleno, o Sr. alcalde dixo que había que entrar porque dende dentro se defendían mellor os intereses do Concello de Cambre.

Pois ben, di que eles fixeron unha comparativa das taxas dese mesmo servizo que ofrece Augas de Galicia, comparándoa coa taxa que propón a EDAR de Bens, e consideran a taxa de Augas de Galicia máis xusta socialmente, distribúen de forma máis adecuada os custos, premia ao que aforra, e fai que o que consuma por riba do razoable pague máis, por outra banda, beneficia ás familias numerosas.

A taxa da EDAR é unha taxa lineal, son 0,28 euros/m³. Augas de Galicia ten unhas tarifas de taxas por tramos, depende do número de membros da unidade familiar, depende de varias cousas, polo tanto a eles esta taxa de 0,28 parécelles inxusta, antisocial e que prexudica aos que menos teñen, polo tanto, di que o seu voto vai ser en contra.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que a el gustaríalle que lle aclarara, e supón que tamén á demais xente, a que taxa se refire de Augas de Galicia, porque aquí están falando de depuración, de augas residuais, e a taxa que ten establecida a Xunta en depuración de augas residuais é 0,32 euros/m².

Dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que igual pode estar equivocada ela, pero que son datos da propia páxina web de Augas de Galicia.

O Sr. alcalde pregunta en que sitio aplican esas taxas de depuración, porque hai que aclaralo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el cre que todo o conxunto da Corporación é consciente de que a entrada na EDAR de

Bens ten un custo engadido para os usuarios, van ter que pagar unha taxa de 0,28 euros/m³, pero cre que hai que aclarar que 0,28 euros/m³ do realmente consumido, non se vaia interpretar que se paga, por exemplo, como pola tarifa da auga que son 30 m³. É polo realmente consumido.

Ao grupo de EU parécelle que esta taxa é un pouco inxusta, é inxusta no sentido de que debería ter, como teñen outras taxas noutras ordenanzas que ten en vigor o concello, por exemplo a da auga, a de residuos ou a da rede de sumidoiros, unha redución para as persoas, que agora son moitísimas, que non poden asumir eses gastos. Di que se refire a que deberían ter unha bonificación que non está contemplada en ningún sitio.

Hai ordenanzas, por exemplo a ordenanza fiscal número 9, que regula as taxas polo servizo de rede de sumidoiros, no artigo 6, contempla que se aplicará unha bonificación do 100%, do consumo real neste caso, ao mínimo facturable, a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo os informes dos servizos do concello ao respecto.

A el parécelle que falta iso, non se pode aplicar unha taxa deste xeito. Hai que ter en conta ás familias que neste momento están a pasalo mal e que hai outras ordenanzas do concello que si o contemplan, que contemplan uns beneficios fiscais. A el parécelle de xustiza social engadir, máis ou menos, o contemplado na ordenanza que acaba de citar, ou en termos parecidos á da auga, tendo en conta a situación actual de crise económica que están padecendo moitísimas familias do contorno e do concello.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que a Sra. concelleira de Economía dixo que no mes de setembro se aprobou neste pleno a entrada na EDAR de Bens e, efectivamente así foi, pero aprobouse co voto en contra do BNG.

Informa que despois o seu grupo trae un rogo para que lles expliquen como é posible que entraran a formar parte dunha empresa, e que ninguén lles explicara cal era o estado da EDAR. Parece ser, como lles contaron nas comisións, que ten varias deficiencias, algunhas delas importantes, e que están facendo un informe para detallalas, e tamén para acordar quen vai pagar os amaños. Di que dende o BNG cren que é bastante absurdo que unha obra que custou máis de 100 millóns de euros, poida ter deficiencias deste tipo e que ninguén se dese conta.

En canto ás taxas que traen hoxe a pleno, entenden que non son responsables, é dicir, que non bonifican un consumo responsable da auga. Dá igual que dúas persoas gasten 300 m³, ou que sexan catro as que gasten o mesmo. Por outra banda entenden, e se está equivocada seguro que llo saben dicir, que non existe ningún tipo de medición que garanta que toda a auga que se consuma vai ao saneamento. Quere dicir con isto que se ela rega o xardín, esa auga non vai ao sumidoiro e, non obstante, vai pagar como se fora. Pola contra, se ela utiliza auga dun pozo ou dun manantial, que si vai ao sumidoiro, aí non vai pagar. Iso é o que ela entende despois de ler iso.

En canto ao informe que lles dan, chámalles a atención que o director da EDAR fala do orzamento para o 2014, e unha das partidas que mete é a amortización da posta en marcha da depuradora, 900000 euros, que di que hai que compensar a Emalcsa polo gasto que fixo, máis non di canto foi, nin tampouco di canto levan recadado, porque na Coruña xa se aplica a taxa.

Conclúe dicindo que, por outra banda, hai que sumarlle a todos eses gastos dos que acaban de falar, o 10% de IVE.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe explica que simplemente quere dicir ao grupo municipal de EU que dende o grupo de goberno comparten, e están de acordo, coa apreciación que fai o Sr. Taibo sobre a posibilidade de bonificar ás familias numerosas. Di que hai unha previsión na propia ordenanza para o caso de consumo de auga, pero é certo que non se trouxo a este pleno porque foi unha moción de urxencia, o que importaba era aprobar a taxa. Ademais, teñen certas dúbidas de se é posible estender analoxicamente a aplicación da previsión para bonificación a familias numerosas e a persoas con menos recursos nesta taxa. Como non foi posible resolvelo, dada a urxencia coa que había que traer esta taxa, xa o verán. En todo caso, esa previsión é unha previsión que comparten e están dispostos a traela ao próximo pleno se non é aplicable a previsión que xa existe.

Sobre a redución da taxa, en principio propoñer unha redución dunha taxa pódese propoñer, calquera taxa podería ser reducible. O que pasa é que dende o momento en que hai un estudo económico e dese estudo económico ten que resultar unha taxa, pois para reducila habería que ter outro estudo contrario, e de momento é o que teñen.

En resposta á pregunta do BNG dilles que sempre que vaia aos sumidoiros municipais é evacuación de augas, sexan pluviais, de rego ou residuais, sempre que vaia aos sumidoiros municipais, noutro caso, non.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros di que a ver se llo pode explicar a Sra. concelleira, porque igual é que ela non está no poder da razón. Pregunta se o coeficiente de vertedura nos sistemas públicos de depuración de augas residuais é o mesmo que están a tratar co tema da EDAR de Bens, ou está ela equivocada. Pregunta se llo pode explicar.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el vai intentar explicarllo. O coeficiente de vertido e o transporte de augas residuais non é o mesmo que a depuración. É dicir, eles están pagando xa unha taxa polo coeficiente de vertedoiro e máis pola rede de saneamento, esa é a taxa que xa se está aplicando dende hai tempo. Agora esas augas chegan a unha planta, e o que hai que facer é depuralas para poder vertelas ao mar. O que están tratando agora é a taxa de depuración, exclusivamente, é dicir, verter as augas con suficiente garantía de que non van contaminar, porque se non o fan así, pasaríalles como lles pasou na ría do Burgo durante tantos anos, que se botaban as augas sen depurar á ría, e outros aditivos, non só as augas residuais nin fecais.

Di que están falando de dous conceptos distintos, un é o tema do transporte e de verter as augas residuais, e outra cousa é chegar a unha planta e depuralas. Do que

están falando agora é da taxa de depuración, do que teñen que pagar porque esas augas se poidan depurar e se poidan verter.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que polo que acaba de dicir a Sra. concelleira, agora non, pero nun futuro si sería posible que houbera tarifas por tramos.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe sinala que ela o que dixo é que, sempre que haxa un estudo económico contrario ou diferente ao que hai agora, podería reducirse a taxa para que a xente poida pagar menos polo servizo de depuración, pero ese estudo non existe e, polo tanto, ninguén pode impoñer unha taxa sen ese estudo. O estudo económico que teñen agora mesmo é este, que é o que teñen Arteixo, Oleiros e todos os concellos.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que respecto da redución, obviamente mentres non se teña un informe económico distinto ao da EDAR de Bens, non poderán aprobar unha redución, pero si teñen unha representación dentro da EDAR, e ao que están instando ao Sr. alcalde, que se senta alí, é a procurar que haxa unha redución nos custos, para que esa taxa se poida reducir.

Respecto da posibilidade de que isto sexa por consumo, tamén lle gustaría que aclarasen a vantaxe que ten para o cidadán que de momento se cobre por consumo e non por vertido, porque iso suporía que tamén copagarían os cidadáns polas augas pluviais, que deste modo non están cobrando por iso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que é consciente de que os estudos de custo foron feitos a nivel global de todos os concellos que están adheridos á EDAR de Bens, e claro, a Cambre non lle van pagar o resto dos concellos esa redución que propoñen. Pero ben, o Concello de Cambre ten recursos propios para subvencionar e bonificar esta taxa, é ao que se refire el, e se o equipo de goberno para o próximo pleno traen nos termos que el propoñía esa redución, o seu grupo vai votar a prol. Neste caso, vanse abster.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que dende o BNG gustaríalles que esta taxa tivera unha formulación máis ecoloxista, é dicir, que pague máis quen máis gasta. Non é normal que pagues por metro cúbico, dá igual que sexan tres persoas que sexan dez as que vivan nesa casa. Pensa que niso é un retroceso.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que aquí se establece unha taxa de 0,28 euros/m³ de consumo ou de vertido real, é dicir, non como na auga onde existe un mínimo e se pagan 30 m³ consuma ou non se consuma. Aquí non, dende o primeiro metro cúbico aplícase a taxa, se verten seis, pagan por seis, se verten dezaseis, pagan por dezaseis. O que máis verta, máis paga.

Tamén é certo que todos teñen que facer un esforzo. Todos os concellos apostaron por facer o esforzo de tratar de eliminar as augas pluviais que se están vertendo en moitos sitios aos sumidoiros de augas fecais, porque iso chega á planta e o único que supón é que se estea pagando en exceso. É dicir, a esa depuradora, teoricamente

terían que chegarlle 25 millóns de metros cúbicos, e estalle chegando 43 millóns de metros cúbicos.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto di que o que eles piden é unha proposta ecoloxista. O Sr. alcalde está falando doutra cousa, está falando de que o que máis gasta, máis paga, claro, é obvio, porque paga por metros cúbicos, non fai falta saber moito de contas. É obvio que cantos máis metros cúbicos se gasten, máis van pagar, ata aí chegan todos. Agora ben, o que eles lle piden dende o BNG, o que botan en falta, é que non se incentive, que non se prime á persoa que gasta menos, que fai un consumo responsable da auga. É dicir, vai pagar o mesmo por metro cúbico unha familia de 5 persoas que gaste 30 m³, que se unha persoa, un fogar dunha soa persoa gasta eses 30 m³. Di que está claro que se debería primar á xente que aforra auga e que fai un uso responsable da auga.

Conclúe dicindo que iso é o que piden dende o BNG, o outro xa o entenderan dende a primeira vez.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que non vai entrar nesta discusión, pero é que non sabe que teñen que ver os 30 m³ gastados por unha persoa ou gastados por sete. Dá exactamente o mesmo, seguen sendo 30 m³.

Dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que están no século XXI, onde a auga é un ben.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros agradece a súa intervención á voceira do BNG, que o explicou mellor que ela. Di que o seu grupo vai manter o seu voto e van votar en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), votan en contra as dúas concelleiras presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación do apartado 2 do artigo 5º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros quedando redactado do seguinte xeito:

“2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.b) do artigo 2º, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos consumida polo usuario. Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

2.1. 0,25 euros por metro cúbico, xa sexan de vertidos de auga depurados ou sen depurar, polo servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal.

Para estes efectos, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable por subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

2.2. 0,28 euros por metro cúbico de auga consumido, polo servizo de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais.”

Segundo: A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do concello os anteditos acordos provisionais, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza modificada”.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo quere retirar da orde do día a moción por eles presentada, isto tendo en conta a asistencia de rapaces e rapazas e socios do club Brexo-Lema a este pleno e que teñen presentado un rogo colectivo ao que se dará lectura chegado ao punto de rogos.

Entenden que é prioritario neste momento que poidan dar lectura a ese rogo e a moción dilataría moito máis a celebración do pleno, polo que queren retirala e xa a presentarán nun próximo pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que no mesmo sentido que manifestou o compañeiro socialista, o seu grupo, tamén por respecto ás persoas que levan xa un bo anaco aquí, e máis tendo en conta que hai

rapaces que non sabe se están de vacacións, pero ao mellor algún deles ten mañá escola, retiran a moción que presentaron.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai retirar a súa moción, e entenden que tamén se suman a esta proposta os compañeiros de UxC que casualmente a este pleno non traían ningunha moción. O que si, na medida do posible e un pouco como medida de graza, tendo en conta que é Nadal, e ademais porque podería quedar como un señor se aceptara, neste caso pídenlle ao Sr. alcalde que se debata primeiro o rogo que traen conxuntamente e pospoñer para despois o debate das mocións. Se non pode ser, loxicamente, eles súmanse ao acordo de retiralas e traelas a outro pleno.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do informe da interventora accidental, de data 18 de decembro de 2013, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Segundo trimestre 2013.
- Do informe da interventora accidental, de data 18 de decembro de 2013, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Terceiro trimestre 2013.
- Do informe da Tesourería municipal, de data 19 de decembro de 2013, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2013.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural (anexo 1).
 - Xuros de demora pagados no trimestre natural (anexo 1).
 - As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado) (anexo 2).
 - As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (anexo 2).
- Do informe da Tesourería municipal, de data 19 de decembro de 2013, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao terceiro trimestre do ano 2013.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural (anexo 1).
- Xuros de demora pagados no trimestre natural (anexo 1).
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado) (anexo 2).
- As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (anexo 2).

4.2. Rogos

Rogo presentado por escrito polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e polo concelleiro de PdeC

Rexistrado de entrada ao núm. 16728 o día 14 de decembro de 2013.

O Sr. alcalde manifesta que o primeiro rogo é un rogo conxunto de todos os grupos, agás o grupo de goberno, porque non lle deron participación.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ao grupo de goberno non se lle deu participación neste rogo porque precisamente o certo é que tivo a oportunidade de que este rogo non chegara ao pleno, se tivera cumprido as expectativas e as promesas que lle tiña feito á directiva do Brexo-Lema.

Di que non vai entrar en máis consideracións, cre que é un tema de especial importancia e vai dar lectura a unha pequena introdución ao rogo.

Di que o rogo que a continuación lerá vén asinado por todos os grupos que se sitúan na oposición dentro da Corporación municipal e que representan electoralmente a vontade maioritaria de Cambre e os seus veciños. Dende a súa creación hai xa 80 anos, o club Brexo-Lema Sociedade Deportiva vén sendo un referente do bo facer en materia de educación e práctica deportiva.

A difusión da práctica do fútbol dende o club, vense levando a cabo xunto coa transmisión a rapaces e rapazas de valores deportivos e sociais que teñen axudado a forxar as súas personalidades.

O Brexo-Lema non reduce a súa actividade aos nenos da súa parroquia e, máis alá do seu domicilio social, traballa con nenos e nenas doutras parroquias e doutros concellos. Entre os 150 xogadores do club, a día de hoxe poden atopar rapaces de Andeiro, Sta. M^a de Vigo, Bribes, Peirairo, San Lourenzo, Meixigo, Anceis e, como non, da mesma parroquia onde ten a súa sede, de Brexo-Lema. Similar reparto xeográfico ten a composición da xunta directiva.

Neste tempos as dificultades económicas o teñen levado a unha situación crítica que pon en perigo a súa continuidade e o seu futuro a curto prazo. Dille ao Sr. alcalde que

é hora de responder adecuadamente, dende o goberno municipal, á xenerosidade que ten demostrado ao longo de moitos anos o Brexo-Lema cos veciños do noso concello. É hora de recoñecer o seu traballo colaborando no fortalecemento do seu futuro. Non se pide esmola nin trato de favor, pídese o que por dereito lle corresponde.

A continuación dá lectura ao texto do rogo presentado, que consta do seguinte teor literal:

“Dende hai máis dun ano a directiva da Sociedade Deportiva Brexo-Lema vén mantendo conversas co goberno municipal para buscar unha solución á crítica situación que sofre o club, situación que pon en perigo a súa existencia como entidade deportiva.

Para tal fin ten manifestado a súa vontade de ceder o campo de fútbol da súa propiedade para que, asumindo o concello, entre outras obrigas, as obras de remodelación do terreo de xogo e das instalacións anexas, poida servir tanto aos diferentes equipos do club, como a outros equipos das parroquias do concello. Froito destas conversas, e despois de varios borradores de convenio e de innumerables reunións co alcalde e co concelleiro de Deportes, no mes de agosto pasado o goberno municipal fixo chegar á directiva o documento definitivo de “acordo de cesión” que recollía os tratos verbais acadados entrambas partes, plasmando os desexos tanto da Sociedade Deportiva Brexo-Lema como do goberno.

Transcorridos xa catorce meses dende a primeira reunión e catro meses dende a entrega do referido documento, no que se recollen as condicións pactadas entre ambas as dúas partes e non existindo ningún problema que impida a súa firma, o goberno municipal non ten convocado ao Brexo-Lema para asinalo.

Por todo iso, este grupo solicita do goberno municipal:

Se leven a cabo as xestións oportunas para asinar o acordo de cesión dos terreos e instalacións do campo de fútbol dos Pinares, propiedade da Sociedade Deportiva Brexo-Lema, ao Concello de Cambre, a teor do borrador do documento entregado, e todo iso no prazo máximo dun mes.

Se recolla nos orzamentos municipais do ano 2014 unha partida económica suficiente ou se realicen as xestións necesarias para construír, durante o ano 2014, a primeira fase do complexo deportivo de Brexo Lema nos terreos cedidos de conformidade co acordo de cesión elaborado polo concello en agosto de 2013. Todo iso sen prexuízo das melloras que puideran realizarse noutras instalacións deportivas municipais.”

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, explica que o goberno municipal ten manifestado dende o inicio da lexislatura que Cambre ten un problema cos campos de fútbol de herba artificial. Teñen moitas licenzas, cousa que é un dato moi bo, pero teñen dous instalacións para uso intensivo que non lles chegan para as licenzas que teñen.

Dito isto, iníciense as conversas coa directiva do Brexo-Lema, porque entenden, ademais, que os terreos situados no Pinar son dos que reúnen as mellores

características para poder facer unha instalación en condicións e que se adecúe ao nivel de esixencia que van pedir os clubs do Concello de Cambre.

Partindo desa mesma base e dese compromiso, e da idea que formula este goberno dende un primeiro momento, que é facer un campo de fútbol de herba artificial a maiores, no rogo hai unha cousa que falta por dicir, que é que o convenio entregouse en agosto, efectivamente, coas condicións que se pactaron entre o goberno e a directiva do Brexo-Lema, pero tamén é certo que non puido firmarse porque hai un informe en contra desaconsellando a firma, un informe dos servizos xurídicos do concello.

Dí que este goberno ten intención, pero como comprenderán, non pode asinar un convenio cun informe xurídico desaconsellando a súa firma.

Dito isto, estase traballando cos servizos xurídicos e para comprobalo están os datos aí, as datas e os envíos das providencias, tanto aos departamentos que teñen que facer as diferentes valoracións, como os diferentes estudos para poder levar a cabo a sinatura do convenio axustándose á legalidade. E niso están nestes momentos.

O informe foi entregado o 25 de setembro deste ano, sete días despois envíase unha providencia firmada por el á técnica de Secretaría, para que inicie un procedemento para adaptar as esixencias que se acordaron entre a directiva do Brexo-Lema e o goberno á legalidade, iso tendo en conta o informe de setembro que desaconsella a súa firma nos termos nos que está redactado.

Conclúe dicindo que isto non quere dicir que o goberno non teña intención de asinalo, pero comprenderán que se traen a pleno un convenio cun informe xurídico dicindo que desaconsella a súa sinatura, textualmente, pregúntalle ao voceiro do PSdeG-PSOE se o vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que se estivera no lugar do Sr. concelleiro o que faría sería entregarlle ao Brexo-Lema un convenio que previamente estivera informado favorablemente polos técnicos.

Dille que el o procedemento que utilizaría sería o seguinte, recoller as demandas do Brexo-Lema e os acordos aos que verbalmente se poida ter chegado, que un técnico municipal redactara un proxecto de convenio adecuado xuridicamente á lexislación procedente, que contara con todos os informes favorables, e despois levalo á firma.

Dille ao Sr. concelleiro de Deportes que se está separando dun borrador de convenio que eles mesmos realizaron. Pregunta se o borrador de convenio que se presentou ao Brexo-Lema vén elaborado polos técnicos municipais, ou dende o concello polo menos, porque di que xa dubida de que o teña redactado ningún técnico, tendo en conta que os técnicos saben o que fan e que ten un informe desfavorable.

Pregúntalle quen redactou ese convenio, como se pon a consideración do Brexo-Lema cando despois é ilegal, a quen lle botan a culpa diso.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez explica que o convenio llelo

traslada a eles o Brexo-Lema, e a partir de aí négóciase as condicións. Posteriormente, cando entre o goberno e o Brexo-Lema se chega a un acordo nas condicións do convenio que presenta o club, dásele traslado aos servizos xurídicos. Di que ese foi o procedemento.

Dille máis, o voceiro do PSOE estalle expoñendo que é o que faría se estivera no seu lugar, el va dicir o que o Sr. Rey fixo estando no seu lugar, porque el ten estado no goberno e, ao mellor, deberían preguntarlle en que estado se atopa o convenio co Sporting Cambre, porque son as características similares.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que el nunca ten sido concelleiro de Deportes e dende o ano 2007 ata o ano 2011 non ten formado parte da Corporación. Pero, en fin, el entende que todo isto pódese solucionar, e entende que quen redactou o documento, a todas luces e segundo se desprende do informe técnico, un convenio ilegal, terá que volver a retomar ese documento, volver a redactalo, e no prazo dun mes, porque teñen que deixarse de demorar máis o tema, poñelo en consideración do Brexo-Lema para a súa firma. Non ten por que demorarse máis, pregunta que problema hai en facer un convenio no prazo dun mes, que problema hai cando se levan 14 meses dándolle voltas a un tema como este.

Brevemente, e non para aplaudir nada, senón para intentar sacar este problema adiante, di que non pode entender como os pactos entre ambas partes, entre o Brexo-Lema e o goberno municipal, non foron referendados xa previamente cun documento que recollera todas as características para ser un documento legal, por que razón non foi redactado ese proxecto ou ese borrador de convenio por unha persoa capacitada para redactalo. Pregunta como pode o goberno municipal dar forma a un convenio que despois resulta que os técnicos din que non é legal. Pregunta quen redacta ese documento, porque os documentos do convenio teñen que redactalos os técnicos, e os técnicos saben como teñen que redactar ese convenio.

Di que non poden botar a culpa a ninguén máis, a culpa é do goberno, e agora correspóndelles arranxar este problema o máis rapidamente posible, porque o Brexo-Lema, a súa afección e a súa directiva, non pode aguantar máis, é máis, non deben aguantar máis.

Conclúe dicindo que se este rogo se trae neste momento é porque non houbo capacidade por parte do goberno municipal para intentar solucionar este problema.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que se reafirma no dito. O convenio foi presentado pola directiva do Brexo-Lema, a posteriori negociouse co alcalde e con el mesmo e, unha vez que se adoptaron os acordos, foi trasladado aos servizos xurídicos do concello, e no momento en que se tivo o informe dos servizos xurídicos, déuselle traslado dese informe á directiva do Brexo-Lema.

Di que na última reunión acordouse que o novo borrador de convenio fose redactado directamente polos servizos xurídicos, axustándose á legalidade.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno pregunta se lle está dicindo que o Brexo-Lema utilizou ilegalmente o anagrama do Concello de Cambre para redactar un

convenio. Pregunta quen redactou ese documento que despois foi informado desfavorablemente polos técnicos.

Don Fernando Caride Suárez di que unha cousa é redactar e outra é imprimir.

Toma a palabra o Sr. alcalde porque di que esta é unha medida de presión, pero el non vai cometer ningunha ilegalidade, iso o ten claro. Di que en todas as partes hai unha negociación, cando a el se lle persoa o Brexo-Lema no seu despacho para pedirlle axuda porque non tiña diñeiro, dáselle, para axudar a terminar a tempada. A continuación, propuxéronlle un convenio, un convenio draconiano, que favorece soamente ao Brexo-Lema. Como contrapartida o concello presentoulles o que cría que podería ser e, en todo iso, hai unha negociación. O Brexo di que máis ou menos, e cando eles collen ese borrador e llo trasladan aos servizos xurídicos, os servizos xurídicos dínlles que así non se pode asinar. Ante esa resposta el dílles que hai que asinalo, que hai que buscar unha solución, e niso están, buscando a solución.

Dille ao Sr. Rey que o que non pode facer é darlle a el un mes para resolver o problema, ou pode darllo, claro, pero o Sr. concelleiro estivo con el no seu despacho e sabe. Son catorce meses dende que se iniciaron as negociacións, pero non viñeron dende o primeiro día coa firma do convenio, iso veu a posteriori, viñeron a presentarlle un problema que tiñan para acabar a tempada.

Ante as manifestacións dalgúns asistentes ao pleno, o Sr. alcalde di que vale, que entón queda por mentireiro ou como eles queiran, como sempre. Así mesmo, pídelles ao Sr. Muñiz, que se atopa entre o público, que lle permita terminar de falar. Dille que el tamén foi concelleiro e sabe que non está no uso da palabra.

Continúa dicíndolle a todos os voceiros que asinan este rogo que el é o primeiro interesado, como alcalde deste municipio, en que o Brexo-Lema teña un campo de fútbol como Deus manda, porque sabe ademais que é o club que ten máis fichas de federación. Iso el asúmeo, pero o que ninguén pode facer é poñerlle unha pistola ao peito e que faga algo nun prazo determinado, porque ao mellor non pode facelo.

El vai intentalo por todos os medios, é máis, xa o fixo, porque no segundo apartado do rogo dise que se recolla nos orzamentos municipais do ano 2014 unha partida económica suficiente, pregunta se por parte do concello ou se será mellor pedilo a outras administracións, porque di que ese paso xa se deu, e el xa llo dixo ao Brexo-Lema. Sen aínda ter asinado o convenio, ese paso xa está dado.

Continúa dicindo que no prazo dun mes eles van tratar de solucionar o problema, pero pídelles que non lle poñan a data dun mes porque ao mellor non a pode cumprir.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno expón que o único que quere manifestar é que tanto el como o Sr. alcalde saben como se pode financiar isto, e cal é o financiamento. O financiamento pode vir sen ningún problema da Deputación Provincial, ao igual que teñen feito outros clubs, como San Tirso, como Carral ou como O Trazo, que conseguiron convenios nominativos entre o concello e a deputación provincial para financiar este tipo de obras. Iso o Sr. alcalde o sabe e imaxina que é do que está falando, por iso dille que se poñan en marcha. Se hai financiamento, se hai

vontade de destinar ese diñeiro ao arranxo do campo de fútbol do Brexo-Lema, consiste en redactar un borrador de convenio, legal por suposto, poñelo en consideración do Brexo, asinalo e adiante. Non ten por que demorarse isto moito máis dun mes, e el persoalmente rógalle que faga todos os esforzos para que neste mes iso estea feito. É un tema prioritario, e por iso o traen de forma colectiva todos os grupos da oposición. É un tema de vontade, e a súa vontade apelan.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el non vai insistir moito máis do que xa se dixo, pero o Sr. alcalde sabe, e eles tamén, que a obriga dun goberno é contribuír a que as sociedades deportivas do concello, neste caso a sociedade deportiva Brexo-Lema, conte con instalacións en función das súas necesidades, porque de non remedialo, e o Sr. alcalde o sabe perfectamente, os rapaces do Brexo-Lema van ter que deixar a práctica do fútbol. Van ter que deixar unha actividade cultural e deportiva que están practicando moitísimos rapaces.

O que o goberno municipal ten que facer, xunto coa directiva do Brexo-Lema, é negociar fórmulas legais que permitan a sinatura dese convenio. E se non é un mes, e é en mes e medio ou dous meses, o grupo de EU xa se conforma.

Conclúe pedindo que busquen fórmulas legais para que se poida asinar o convenio e que non haxa problemas. Todos saben onde están esas fórmulas e de onde se poden sacar os recursos, iso sábeno todos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. voceiro de EU que lle agradece moito que lle fale de dous ou tres meses, porque el é o máis interesado. Pregúntalle se cre que estando el como está comprometido co Brexo-Lema, se el puidera ter sacado isto en quince días non o tería xa sacado. Di que ao mellor se equivocan e se non, el mañá reta a todos os voceiros a vir aquí e que o solucionen, co informe que hai feito dos servizos administrativos e xurídicos do concello.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo prodúcelles hilaridade que o Sr. alcalde, estando no pleno no que están, e acabando de falar da EDAR de Bens, fale dos informes dos técnicos respecto da legalidade para acometer proxectos, porque no tema da EDAR había igualmente un informe contrario por parte da Secretaría deste concello e el foi correndo á Universidade da Coruña a encargar un no que constase o que o Sr. alcalde quería oír. Aquí non o fai porque non lle dá a gana, punto e pelota e nada máis.

Di que non se trata de buscar o aplauso, trátase de ser, na medida do posible, consecuente. El vaille dicir unha cousa e valla dicir con todo o respecto, se o Sr. alcalde hai catorce meses establece negociacións coa directiva do equipo de fútbol do Brexo-Lema e comezan a falar dunha serie de cuestións, e o Sr. alcalde ao cabo de máis dun ano non vai poñendo o que vai falando en coñecemento dos servizos xurídicos e da Secretaría do concello para ver se se axusta ou non á legalidade, co fin de irlle transmitindo eses informes e eses pareceres, aínda que sexa de viva voz, á directiva do Brexo-Lema, o Sr. alcalde o que está facendo é tomarlle o pelo á directiva do Brexo-Lema, porque establece unha negociación co Brexo-Lema que é o timo do goberno do PP en Cambre. O Sr. alcalde negocia, fala, mira polo Brexo-Lema, pero despois resulta que hai un informe en contra e non pode facer nada. Di que ese é o

seu modo de funcionar e ese é total e absolutamente un fraude de cara aos veciños de Cambre e, neste caso, cara ao Brexo-Lema.

Dille máis, dille que é alcalde e é concelleiro, e por ser concelleiro e pertencer a un partido, que é o PP, é deputado provincial, e na Deputación Provincial tamén ten algún tipo de responsabilidade en tanto que forma parte da maioría de goberno, que goberna con maioría absoluta a Deputación Provincial da Coruña. El pídelles que como alcalde de Cambre e deputado provincial que é, que vaia ao despacho do presidente da Deputación Provincial e lle poña os puntos sobre os is, e a necesidade que ten isto de saír adiante.

Continúa dicindo que el é “venidero”, e así o di moitas veces, pero é que é así, e hai moitos aspectos da vida de Cambre que non coñece, pero el sabe que en Bribes teñen o Belén vivente, en Cecebre teñen o Bosque Animado, que por Sigrás pasa o Camiño Francés, que en Anceis teñen a romaría do San Benito e que en Brexo-Lema teñen un equipo de fútbol que ten case un século de historia detrás e no que xoga moita, moita xente.

Dilles que eles gobernan Cambre como quen goberna un pobo da provincia de Valladolid, e iso, dende logo, non é en absoluto de recibo. E ten o Sr. alcalde tamén algo que el non sabe se é algo escolástico que lles vén aos do PP pola súa devoción católico cristián, pero é que eles sofren en silencio, e non, pídelles que se poñan en contacto cos demais. Cando realmente vexan que hai tensións e hai diverxencia de pareceres coa directiva do Brexo-Lema, pídelles que acudan á oposición, e digan, señores da oposición, pasa isto coa directiva do Brexo-Lema, porque casualmente teñen plenos todos os meses, e teñen un organismo colexiado que se chama comisión informativa de deportes onde o equipo de goberno non fixo nunca, absolutamente nunca, mención a esa negociación co Brexo-Lema, porque eles, que se van de interesantes pola vida, esperaban solucionar a exitosamente e apuntarse o tanto e, como sempre, cando xorden os problemas veñen pedindo papas, e aquí está a oposición neste momento con este rogo, que é ben claro, que non se presta á demagogia na que os quere situar o Sr. alcalde. Claro que saben que o Concello de Cambre non ten recursos para afrontar, e menos nun ano, a totalidade do investimento que o Brexo-Lema require, pero para iso está xustamente a capacidade negociadora que poida ter o Concello de Cambre con outras administracións públicas.

Conclúe dicindo, e pide desculpas ao Sr. alcalde pola súa extensión, dicindo que este investimento débese recoller nos orzamentos municipais do 2014 que, como todo o mundo sabe, están aínda por aprobar, non sabe se por redactar, non sabe como vai ese traballo, pero dende logo están aínda por ser sometidos ao pleno, e dende o BNG anuncian, aínda que son unicamente dous votos de vinte e un, que se non se recolle nos orzamentos do 2014 a partida orzamentaria, que non na súa totalidade, pero si acaída para que isto deixe de ser unha tomadura de pelo e bote a andar, se iso non se recolle nos orzamentos municipais do 2014, o BNG votará en contra deles.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el tampouco vai falar moito máis, cre que aquí está todo dito, de feito el asina o rogo. Comparte que é unha necesidade e ademais urxente para a parroquia de Brexo, para todo o concello, e sobre todo para todos os nenos que

practican deporte. Por iso insta ao goberno local a chegar a un entendemento co Brexo-Lema, el, dende logo, e imaxina que o resto dos voceiros estarán de acordo, se se ten que participar nesas reunións, farao. El cre que o que todos queren é que ese campo de fútbol sexa unha realidade no ano 2014, e poñerse a traballar niso, nada máis.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que pouco queda por dicir. A ela o único é que lle fixeron graza as últimas palabras que dixo o Sr. alcalde, de que non chaman nunca aos voceiros, e agora dilles a modo irónico que mañá veñan todos aquí a ver se dan resolto o problema. Dille que o seu traballo que o faga el, que ela xa fai o seu.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que queda recollido o testemuño, pero el dende logo non se vai comprometer a ter este asunto resolto nun mes, e sobre todo tendo en conta que agora vén a época do Nadal, polo menos ata o día 7, e que hai moitos técnicos que non están no concello.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que algo teñen adiantado, polo menos hai unha disposición a arranxar o tema. De todas formas o rogo, nos termos nos que se fai, obedece ás pretensións do Brexo-Lema e, dende logo, di que eles non están dispostos nin a retirar nin unha coma das pretensións.

Hai unha posibilidade, pide que falen coa directiva do Brexo-Lema, que cheguen a un acordo e que isto o leven adiante, pero eles, en principio, ou polo menos o grupo socialista, non vai modificar nin unha coma da petición do rogo que se fai, isto é, que se leve a cabo a sinatura do convenio e que se faga isto no prazo máximo dun mes. Ao Sr. alcalde lle corresponde aceptalo rogo nese termos, ou dicir que non, evidentemente, eles non teñen a última palabra, porque a última palabra vai ser entre o goberno municipal e o Brexo-Lema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el está de acordo co Sr. Rey, el ten interese en sacar este tema adiante, se non o tivera non se tería reunido tantas veces co Brexo-Lema. O que el non lle pode recoller é que isto o vaia facer dentro dun mes, porque iso sería enganarse a un mesmo, e el non se pretende enganar. Se o pode solucionar mañá, mañá o solucionará.

Dille que non se preocupe, que eles están traballando e non estiveron quietos en ningún momento dende que empezaron as negociacións co Brexo-Lema, o que pasa é que, ao mellor, o Brexo-Lema quere que se realice máis rápido do que eles o poden facer, é moi posible, pero el non pode aceptar este rogo poñéndose un prazo dun mes para realizar isto, é imposible. Xa lle di, que se pode ser mañá, mellor, pero poñer o prazo dun mes, el non o acepta.

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 16732 o día 14 de decembro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Veciños da Telva veñen solicitando, dende hai meses, medidas de seguridade

viaria para que os peóns poidan transitar polas beiras da estrada autonómica CP-1702. En concreto os problemas xorden á hora de atravesala, debido ao abundante tráfico de vehículos.

Por todo iso:

Solicitamos se fagan as xestións oportunas diante do Servizo de Estradas da Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas co fin de que se sitúe un paso de peóns na citada vía, á altura das denominadas “mininaves”, onde se atopa a parada do bus.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que a CP-1702 non é esa. Di que aí hai o paso de peóns que está na rotonda do Mesón Vasco. Non foron capaces de que lles puxeran máis pasos de peóns naquel momento, a parada do bus está diante do Mesón Vasco.

De todos modos, eles van volver solicitalo, igual que fixeron cara aos Campóns, e a ver se poden conseguir algo, pero é o que poden facer.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que este é un rogo que o seu grupo trouxo xa reiteradamente sobre distintos lugares desa mesma vía, porque ademais entenden que é unha vía que se acaba de reformar, adaptar e arranxar. O Sr. concelleiro recoñeceulles no último pleno que ao parecer o enxeñeiro de servizo, que fora xefe de obra, estivera enfermo e que se ía incorporar estes días. Cre recordar que esas foron as palabras do concelleiro de Obras no último pleno, fala de memoria, e que xa o solicitaran no seu momento tamén, cando se estivo facendo.

Di que, en concreto, a eles dáselles traslado deste rogo por uns veciños, e eles teñen acompañado tamén o escrito que eses mesmos veciños presentan diante da Xunta de Galicia cando se inician as obras de reparación desa vía. A Xunta de Galicia xa obviou nese momento a reclamación que fixeron os veciños, está obviando e obviou as reclamacións que fixeron por parte do concello durante a reparación desa vía, e segue obviando e non facendo caso das reclamacións que están facendo para que se instalen medidas de seguridade viaria.

Di que están falando de sitios onde hai un tráfico abundante, hai moita poboación, están falando dese sitio en concreto, pero o outro día o grupo socialista presentaba outra petición sobre esta mesma vía, á altura da escola de música e do cruzamento co instituto, onde tamén é moi susceptible de pasar rapaces cando saen da escola. Por iso, el cre que hai que poñerse dunha vez as pilas, falar cos responsables desta obra ou da Xunta, porque se trata de pintar uns pasos de peóns, non de facer unha obra máis grande, nin movemento de terras, nin nada, é pintar uns pasos de peóns.

Conclúe dicindo que lle gustaría, por favor, que puxeran interese nese tema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que no último pleno, o que dixo que estaba enfermo o xefe de servizo, foi el, non foi o Sr. Marante, pero non foi con respecto a esta estrada, senón á de Pravio.

Di que o tema do paso de peóns onde está a escola de música, está solicitado na Xunta dende hai bastantes meses. Este outro tema non está presentado na Xunta porque el non ten coñecemento de que ninguén o pedira, nin presentara un escrito sobre onde están as mininaves. Ademais, el xa ten dúbidas de que aí, sen facer unha beirarrúa, tal e como se arranxou a estrada agora mesmo se poida poñer un paso de peóns.

En todo caso, di que el vai trasladar á Xunta, que non se preocupe, que de verdade llo vai trasladar para que lles contesten.

Don José Manuel Lemos Seoane sinala que o escrito está feito, que o ten aquí, e se non pasaralle copia, está feito e presentado.

O Sr. alcalde pregunta se na Xunta.

Don José Manuel Lemos Seoane contesta que si, e que por iso non entende que non se lle dea contestación. Ese escrito está presentado, ten o selo do 28/02/2011 ás 12:54, como dixo no inicio das obras desa vía. Cando se iniciaron esas obras presentouse unha solicitude, cando se puxo en coñecemento dos veciños que se ía reparar esa vía, os veciños presentaron ese escrito na Xunta de Galicia.

O Sr. alcalde di que vale, que o presentaron na Xunta de Galicia, el está de acordo, pero el non tiña coñecemento del. A el a Xunta non lle vai trasladar o escrito que lle presentan os veciños, pero dille que non se preocupe, que se lle fai chegar unha copia, el vai ir á Xunta a preguntar por ese escrito, a ver por que non se lle deu resposta.

Don José Manuel Lemos Seoane expón que el referíase a que o seu grupo, reiteradamente, trouxo xa desta mesma actuación varias veces peticións para que se leven a cabo actuacións de seguridade viaria nesa vía.

O Sr. alcalde manifesta que está de acordo, na escola de música varias veces a trouxeron, é verdade, e el trasladouna á Xunta de Galicia, agora ben, esta non lla puido trasladar porque non tiña coñecemento dela, pero agora, se lle fai chegar unha copia, trasladarala.

Don José Manuel Lemos Seoane di que lle fará chegar a copia e o que si lle roga, por favor, é que poñan o maior empeño en solucionar ese tema.

2º Denuncian veciños do Gaitero, Sigrás, o estado de abandono no que se atopa o parque infantil existente, situado nas proximidades da pista polideportiva descuberta. A citada instalación está chea de silvas e carente de mantemento ningún.

Por todo iso:

Solicitamos se proceda, á maior urxencia, á limpeza e roza da zona de xogos e os seus arredores.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que iso xa

leva rozado aproximadamente un mes, xa se limpou toda aquela zona, todo arredor da pista polideportiva e incluída tamén a zona dos xogos.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que hai un mes parécelle un pouco imposible, partindo de que ela hoxe pasou por alí pola mañá e estaba xente limpando. Non dubida das palabras do Sr. concelleiro, pero ela pasou por alí pola mañá e estaba a xente de limpeza, non se meteu no que estaban facendo, pero si había un vehículo que estaba facendo esa limpeza.

Don Manuel Marante Gómez explica que a roza foi hai aproximadamente un mes, ou igual di un mes e son 20 días ou 32, pero hai aproximadamente un mes que se rozou. De paso que rozaron todo arredor da pista polideportiva, rozouse o dos xogos, xa di que ao mellor son 20 días, pero que está rozado, que é o que lles interesa, así lle parece.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro expón que non van discutir o tema, pero que ela o que si suxeriría é que se fixera un repaso xeral a todos os parques do concello, porque todos teñen moita necesidade.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 16733 o día 14 de decembro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Veciños da parroquia do Temple diríxense ao noso grupo queixándose do servizo de recollida do lixo. Din que moitos días os contedores están cheos, quedando incluso bolsas ao carón deles. Ao día seguinte as bolsas seguen a estar aí, só se recolle o que está dentro do contedor. Pregamos se tome nota disto.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que están de acordo, pode haber algún caso así. Pode ser que puntualmente houbera algún día algún contedor, nalgunha zona, que estivera totalmente cheo, pero se iso ocorre con frecuencia, normalmente ampliáanse os contedores. Non obstante, se saben dalgún sitio onde ocorra iso, el agradece que o digan, porque pasou un detalle aí atrás, cando se desprazaron uns contedores uns 20 metros e os veciños en vez de levar as bolsas de lixo aos contedores, deixábanas onde estaban antes. Claro, viñan os da recollida, recollían o dos colectores onde estaban, e as bolsas quedaban alí, pero cre que iso xa se resolveu. Non obstante, xa dixo que pode haber algún caso máis, e el agradeceríalles que lle digan onde, para solucionalo.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, dille que aínda está pasando, os colectores de lixo están alí e as bolsas quedan ao carón. Di que é no Graxal.

Don Manuel Marante Gómez pregúntalle exactamente onde, porque pode ser en puntos concretos, pero en todo O Graxal non pasa. Di que se hai un punto concreto que llo diga, para el poder tomar as medidas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, expón que O Graxal xa non é moi grande, e se quere dille todas as rúas, rúa Constitución, a que vai por diante do

parque Ramón Barba, a que dá a volta arriba e baixa pola rúa Pígara, é que son moitos, non son uns poucos, e non é un día, son a maioría dos fins de semana. Di que é unha barbaridade, non llo di por mal nin nada, pero é que non é unha vez. Ela ve iso todos os fins de semana, e non é nunha rúa, é que é na maioría delas.

Don Manuel Marante Gómez pregunta se é que están realmente os contedores cheos ou se a xente deixa as bolsas ao lado dos contedores porque lle dá a gana, porque se lle di que están todos os contedores a tope en todo O Graxal, iso si que non o cre. Se lle di unha zona concreta onde hai demanda de colectores, entón el está de acordo e forzan a poñer máis colectores, pero en todo O Graxal non pode haber demanda de contedores. Di que bolsas tiradas por todos os lados, el non as ve.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que no Pinar non, aí non hai bolsas no chan. Ela o que está dicindo é que ao mellor hai que facer un estudo e poñer máis contedores no Graxal. Hai moita xente, e ás veces non pechan as tapas dos contedores polas bolsas que hai dentro. E se son eses de tapa dobre xa non se pode nin abrir, nin botar a bolsa dentro. Di que non é unha queixa sen máis, é que é a verdade, é o que está pasando.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que a Sra. concelleira dixo algo que a el lle deixou a mosca detrás da orella. Ela dixo que sucede todos os fins de semana, e resulta que os sábados non hai recollida, os domingos si, pero os sábados non recollen, e a xente enche os contedores.

Dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que ten que haber unha previsión.

Don Manuel Marante Gómez explica que non hai previsión de contedores para esas eventualidades, os veciños teñen uns horarios, que non respecta ninguén, para levar as bolsas de lixo aos contedores. Están de acordo en que ninguén os respecta, pero se por riba van o sábado, que saben que non hai recollida, e todo o mundo deposita o lixo alí, pois claro, teñen un problema.

Por outra parte, di que cando levan contedores para colocalos, tampouco os queren porque lles estragan o aparcadoiro. Di que todos nun saco non collen, os veciños tamén teñen que colaborar un pouco e intentar que se o sábado non hai recollida, aguantar a bolsa no domicilio e botala o domingo. Di que a xente protesta por iso, tamén polos aparcadoiros, e o que hai que facer é colaborar todos un pouco.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que claro que a xente protesta, polo menos para ter conta disto e intentar darlle unha solución.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el se compromete a poñerlles un contedor máis en cada punto de recollida, ou dous se queren, agora ben, despois vanlle vir dicindo a ver onde aparcan os coches. A conciencia dos veciños terá que ser a de depositar o lixo de acordo ás normas que teñen de convivencia, non cada un tirar o lixo cando quere.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que vixiarán o tema, tomarán medidas e verán o que se pode facer, é o único que lles di, pero a el simplemente o que lle chamou a atención foi que dixera que pasaba todos os fins de semana. Iso foi o que lle deu unha

pauta para dicir que é que os sábados non recollen.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que, de verdade, el aposta, por el mesmo, polo que acaba de ver na concelleira de UxC e por dous colegas novos que ten no Graxal, que hai moitísima xente, en especial xente nova, e aínda que o non coñecemento da norma non exime do seu cumprimento, que non sabe que os sábados non se pode baixar o lixo. Igual o que di parece unha carallada, pero especialmente entre a xente nova, moita xente non o sabe. Entón, pide que se faga unha campaña para informar diso.

Don Manuel Marante Gómez di que farán unha campaña para explicar eses temas, porque teñen que colaborar todos, de verdade. Di que non hai problema, que fan unha campaña.

2º Ao carón da Fundación Wenceslao Fernández Flórez os contedores están nun cerrado de travesas de madeira. As ditas travesas están todas partidas e tiradas no chan, en toda a parte da atrás do cerrado. Os contedores amencen máis dun día na cuneta. Pregamos arranxen o dito cerrado canto antes.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

3º Son numerosas as queixas veciñais sobre a tirada de entullos no punto limpo do noso municipio. Refírense a que en varias ocasións non se lles permite tirar os entullos porque os contedores están cheos, e remíteselles a outro punto limpo dos concellos limítrofes. Dende o noso grupo moito nos tememos que esa é unha das razóns de que haxa vertedoiros incontrolados. Pregamos teñan conta disto e lle dean solución o antes posible.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 16730 o día 14 de decembro de 2013, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Na sesión ordinaria do pleno do 28 de febreiro aprobouse unha moción do grupo municipal de EU pola que se deberían dar, por parte do goberno municipal, as ordes oportunas para publicar na web as declaracións de bens e actividades dos membros da Corporación municipal. A aprobación da moción por unanimidade nos termos nos que foi presentada, supoñía que a dita publicación tería que facerse sen máis dilación de acordo co disposto ao respecto no ROM.

Baseándose no anteriormente exposto:

Pregamos se nos informe das xestións realizadas para a publicación das declaracións de bens e actividades dos membros da Corporación, posto que xa pasaron 9 meses e as ditas declaracións son documentos que están en poder da Secretaría do concello e temos unha acabada de estrear páxina web na que ten cabida a dita información.

O Sr. alcalde contesta que de acordo, que tomarán nota e que publicarán inmediatamente na nova páxina web os documentos.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta que significa inmediatamente.

O Sr. alcalde contesta que, se poden, a semana que vén.

2º Veciños/as da parroquia de San Lourenzo manifestaron ao noso grupo a necesidade de ampliación do percorrido da liña de autobús de transporte circular do concello, co fin de prestar servizo ás familias que residen no lugar dos Coruxos e favorecer a mobilidade no municipio.

Por isto pregamos que o goberno local se dirixa á empresa responsable, co fin de modificar e ampliar a liña 177 Cambre-Meixigo ata o lugar dos Coruxos.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuída a materia relativa á mobilidade e redes de transportes, manifesta que están de acordo co rogo. No seu día xa fixeron un estudo para a recolocación de todas as liñas de autobús no concello, e daranlle traslado do rogo á empresa e aos organismos competentes.

3º Un dos lugares de maior tráfico rodado do concello localízase na glorieta do centro de Cambre onde camións e autobuses teñen problemas para realizar o xiro na rotonda, existindo un continuo risco de accidentes e retencións do tráfico.

Unha vez máis pregamos nos informen das medidas previstas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que o lóxico sería esperar a que se fixera a rotonda grande, xunto ao estanco e fronte á farmacia vella, así poderían xirar perfectamente, pero como iso lle parece a el que vai para longo, dada a situación como está, o que van intentar é facer aí unha rotonda superable, facer unha rotonda pequena e eliminar o farol que hai en medio, para que sexa igual que a que hai abaixo, fronte ao supermercado Día. Están facendo as xestións para facer unha rotonda dese tipo.

Don Luis Miguel Taibo, voceiro de EU, manifesta que en Cambre teñen poucas rotondas, debería haber varias máis, sobre todo pola seguridade. Di que o que teñen son rotondas de xoguete, rotondas que non valen absolutamente para nada, que interrompen o tráfico, causan prexuízos e riscos. En quince días houbo dous accidentes aí, e o colapso é total, tendo en conta, ademais, que hai un proxecto de aparcadoiro detrás do centro de Cambre. Pide que lle expliquen a el como vai saír e entrar a xente alí coa actual situación da rotonda. Pregunta que previsións teñen, porque é imposible, ou meten semáforos ou iso é un caos.

Xa dixo que en Cambre na historia fixéronse rotondas de xoguete. Ao mellor, claro, é que predominan máis outro tipo de cuestións que ampliar rotondas, ao mellor predominan os edificios ou outras cousas, porque pode que cun metro máis que houbera nesa rotonda os autobuses non tiñan que dar marcha atrás. O outro día dous

autobuses e un microbús armáronse un lea e déronlle a un turismo, hoxe pasou outro tanto, é continuo, poden comprobar coa policía municipal os accidentes que hai nesa rotonda.

Conclúe dicindo que non sabe se é unha solución a que achegaba o Sr. concelleiro, igual é un mal menor.

Don Manuel Marante Gómez di que aí unha rotonda grande, xa lle contarán como fan, tal e como está iso. El cre que para saír do paso, mentres non se fai a grande arriba, onde poderán facer o cambio de sentido os vehículos longos, el pensa que unha rotonda superable con lastro, sería unha solución. Non é unha solución como a todos lles gustaría ter, pero o que hai é o que hai, e está aí.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 16763 o día 16 de decembro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Rogamos informe a este pleno das deficiencias detectadas na flamante EDAR de Bens. De quen vai asumir o custo das obras a realizar e de quen vai formar a comisión creada para estudar o particular.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o primeiro rogo xa o dan por respondido de maneira un pouco casual nas comisións do pasado martes, e de momento válelles esa resposta.

2º Rogamos informe a este pleno de se o concello realizou algunha xestión, deu traslado a algunha documentación ou tivo algunha iniciativa relacionada co inminente ditame do Parlamento Europeo sobre a ría do Burgo, onde se corre o perigo de que se aprobe un informe que busca unicamente tapar as vergoñas e miserias da incompetencia institucional máis absoluta.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, aclara que ese ditame a día de hoxe xa se produciu, e pregunta se están de acordo con el.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que están de acordo co ditame, xa ten saído en prensa o seu voto a prol dese informe. O que si lles pode dicir é que dende o concello o que se está traballando é para facer suxestións ao proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo, que é do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregunta se tiveron algún contacto cos axentes implicados de cara a que realicen suxestións ou consensualas con eles, por exemplo pensa en mariscadores ou asociacións de veciños do Temple, ou cousa polo estilo. Se non se ten previsto, el convida ao goberno municipal a que o faga.

3º Veciños da rúa Samosteiro quéixanse do estado lamentable do firme da calzada. A maiores manifestan que nun tramo dela non collen dous vehículos á par. Rogamos informen da valoración que fai o equipo de goberno destes feitos.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o tapado das fochas vaise facer nestes días. De feito supón que ata principios de ano non van poder, porque estes días festivos vai ser un balbordo, basicamente porque a brigada non para de carretar cousas para as actividades que se fan, ben dende o concello ou dende asociacións, é un lea. En todo caso, xa teñen aviso para que pasen a tapar as fochas.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 16732 o día 14 de decembro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Ten pasado xa case un ano dende que a empresa contratada para o efecto presentara o traballo do Inventario municipal de bens e dereitos. A pesar do tempo transcorrido e das promesas do goberno municipal, aínda non se ten entregado aos diferentes grupos para a súa análise e estudo, previo á aprobación en pleno.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Que razóns motivan o atraso na presentación do sinalado documento?

O Sr. alcalde explica que este tema tiña que contestalo o concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, que non puido vir a este pleno, polo que, se lles parece, ou llelo contesta por escrito ou o deixan para o próximo pleno.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, responde que entón o deixan para o vindeiro pleno.

2ª Entre os días 4 e 8 de decembro pasado tense celebrado en EXPOCoruña a Feira de autónomos de Galicia. No citado evento o Concello de Cambre contou cun stand.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Cal foi a finalidade buscada polo goberno municipal coa montaxe do citado stand e cal foi o custo total da montaxe e do seu mantemento.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que a finalidade que se perseguía con esta iniciativa era promover a máis de 300 autónomos que están presentes no comercio municipal, en concreto en Ti Fas Cambre. Tamén promover a campaña do Nadal, promover as guías turísticas de Cambre, que estiveron alí presentes, e incrementar as visitas á páxina web, sobre todo por xente externa ao municipio, como así se confirmou que ten sido.

O custo total foi de 1000 euros o que sería o stand, e entre 200 e 300 euros o material.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregunta se poden dicir que o retorno vai ser positivo para as empresas e para os autónomos de Cambre.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que agardan que así sexa, iso tendo en conta que non é unha caseta de venda directa, senón promocional, pois como en todas as actividades promocionais que se fan deste tipo búscase ese retorno. Polo momento, polos datos que teñen, as visitas á web teñen sido moi positivas e agardan que iso repercuta despois nas compras, claro.

3^a Veciños do lugar de San Bartolomeu, Pravio, veñen solicitando dende hai tempo que por parte do goberno municipal se lles facilite o acceso ao saneamento. A pesares das promesas recibidas, seguen sen ter o servizo.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Cando se ten previsto chegar o saneamento ás vivendas do lugar de San Bartolomeu?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, pregunta a que zona en concreto se refiren, á zona da rúa, ou seguindo da igrexa para abaixo ata a autoestrada á man dereita.

Os concelleiros socialistas dinlle que é esa zona.

Don Manuel Marante Gómez di que o Sr. alcalde ten entregado na Xunta unhas memorias valoradas respecto de toda esa estrada, para eses servizos e para outros.

O Sr. alcalde manifesta que están facendo as xestións para poñelo canto antes.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 16733 o día 14 de decembro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1^a Numerosas preguntas presentadas nos plenos, referidas a obras e servizos, son contestadas polo Sr. concelleiro responsable dicindo que “xa o arranxaremos cando teñamos o persoal da brigada contratada a través do plan de cooperación da Xunta. Entón nós preguntamos: cando van vir os reforzos, señor concelleiro?”

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que hai un mes e pico que están aquí.

2^a A asociación de veciños da Barcala amósanos o seu malestar pola situación de abandono que sofre a urbanización, deficiencias tales como: escaleiras e beirarrúas coas lousas rotas, arquetas sen tapa, papeleiras en mal estado, buratos nos xardíns,..., etc. Ten pensado o goberno facer algunha actuación?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que xa se está facendo. Precisamente dende que se incorporou esa brigada estivo traballando na

Barcala, concretamente catro membros desa brigada reparando as beirarrúas. As beirarrúas están todas listas, todas reparadas, non están as lousas rotas. Agora están coas prazas, e calculan que lles pode levar sobre tres semanas.

Tamén teñen xa contratado, comezarán a principios de ano a facer a obra, o arranxo de 72 arquetas, 69 delas de fecais e 3 de pluviais. Ademais, haberá un par de meses que se limpou todo por onde estaban eses testos metálicos que hai, limpouse todo. En canto ás papeleiras irán repoñendo as que vexan que son necesarias, é dicir, que están traballando para arranxar aquilo, porque é certo que estaba bastante abandonado. Están traballando niso.

3ª No pleno do pasado 27 de xuño, o noso grupo solicitou a colocación dunha papeleira no campo ao carón da ría, detrás das naves do polígono da Barcala. O Sr. concelleiro responsable di que xa informou á brigada para poñer un par de papeleiras, unha na ponte de madeira e outra na esquina, onde se xira cara ao colexio Portofaro. A día de hoxe non existen tales papeleiras, e o que é peor, as de debaixo da ponte da autoestrada e algunha do paseo da ría desapareceron. Teñen pensado colocar as papeleiras?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que esta é unha desas cousas das que el pasa nota ao saír do pleno. Ao día seguinte, ou o luns, el pásalle os acordos que se adoptan no pleno a quen corresponda e, ás veces, algunhas cousas como puido ser isto, van quedando pendentes porque aparecen outras máis urxentes.

Di que as papeleiras puxéronse onte. De todos modos, nestas tres semanas ou así estivo posto alí un container, xa que había uns voluntarios que a través de Servizos Sociais propoñían facer unha recollida de todo o lixo da zona. Conclúe dicindo que as papeleiras xa están postas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, di que llo agradece, porque a xente estaba moi anoxada, xa que papeleiras non se puxeron, pero si que se puxo un cartel tamaño xigante das multas polo tema dos excrementos dos cans, por iso a xente se anoxou. Ademais, esa resposta é do pleno do mes de xuño, así que agora en decembro os veciños preguntaban se lles ían poñer as papeleiras, porque o cartel xa o vían, o cartel xa o levaban vendo seis meses.

Don Manuel Marante Gómez di que están postos en todos os parques e pouca xente os ve.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que ese é un dos sitios onde si se pode dicir que o ven, porque a xente deixa alí as bolsiñas, están deixándoas adrede a modo de reclamo, pero no campo non hai papeleiras como hai noutros sitios.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 16730 o día 14 de decembro de 2013, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª En varias ocasións, o noso grupo municipal ten exposto a carencia de sinalización nas instalacións deportivas de titularidade pública do concello. A pesar do tempo transcorrido e das promesas dos responsables do goberno, na actualidade aínda non se deu cumprimento ao solicitado.

Polo exposto, preguntamos:

Cando teñen previsto instalar sinais informativos indicando as instalacións deportivas que carecen deles?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que respecto deste tema o que lle pode avanzar é que despois da valoración da localización dos sinais por parte do departamento de Deportes, chegouse á conclusión de que moitos deses sinais terían que ser colocados en estradas de titularidade distinta á municipal, polo tanto, levouse a cabo a mediados do mes pasado unha reunión de coordinación entre os técnicos do departamento de Obras e os de Deportes, para decidir a súa colocación e o envío, unha vez decidido, aos diferentes organismos para solicitar autorización para poñer esa sinalización.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que neste caso ten que dicir que os levan enganando ano tras ano, porque non vai enumerar xa os plenos e as contestacións que lles deron dicindo que se ían poñer nas próximas semanas. Parécelle que a última vez esa foi a contestación do Sr. alcalde en referencia a unha subvención da Deputación de 15000 euros, dicirlles que nas vindeiras semanas se ían sinalizar as instalacións, pero é que o Sr. concelleiro, noutra ocasión, tamén dixo o mesmo, que si, que para a próxima semana o ían facer.

Continúa dicindo que isto é unha carallada, de verdade, que nalgunha estrada hai dobres sinais. Por exemplo, na estrada que vai para O Temple hai dous sinais das bicicletas, un tapando o outro, aquí mesmo o poden ver todos os días, eses son os gastos que hai aquí.

Como dixo moitas veces, a xente que vén de fóra quere ir ao campo de fútbol de Cambre, e non sabe onde está, ao campo de fútbol de Lendoiro, Cecebre, e non saben onde está, a un polideportivo, e non saben onde está. Pregunta se non están nun concello de case 25000 habitantes, porque a verdade é que dan risa.

Di que é un mínimo gasto, porque pregunta que investimento é poñer uns sinais para indicar os polideportivos e os campos de fútbol. Están quedando mal non só en Cambre, senón noutros concellos onde hai unha sinalización debidamente instalada. Eles chegan a este pleno, reclaman, e o que lles din é que para a semana que vén, e a el cónstalle que non é el só o que está pedindo esa sinalización, porque hai outras persoas e outros colectivos que tamén a piden. De todas maneiras, se non se poñen, vai seguir insistindo.

Don Fernando Caride Suárez expón que a subvención non é de 15000 euros é de 7000 euros, é o orzamento o que é de 15000 euros.

Di que descoñece agora os termos nos que lle contestou nas outras dúas ocasións

nas que lle fixo esta mesma pregunta, pero el estalle dicindo o trámite que ten. Fíxose un estudo previamente por parte de Deportes, viuse que había temas sobre as localizacións que excedían da capacidade do departamento de Deportes, porque ían directamente co departamento de Obras, reuníronse con eles, acordouse un plan de localización, os técnicos foron visitar as instalacións para ver onde colocar os sinais e, agora, a última información que ten é que se lle está dando traslado ás distintas administracións para a súa colocación, porque xa teñen o orzamento, xa teñen absolutamente todo. Non lle vai dicir unha data, á parte porque non acostuma a facelo, pero estalle dicindo que están traballando niso.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, no orzamento había 15000 euros, máis 5807 que viñeron da Deputación. El está de acordo en que as cousas hai que poñelas de acordo coa normativa, claro que si, eles son moi conscientes diso, a eles incluso lles multaron, ou polo menos teñen o apercibimento dunha multa por poñer os papeis onde non podían, pero, por outra parte, hai en Cambre, en todo o termo municipal, moreas de sinais indicativos doutras cousas, montóns deles, que están incumprindo co contorno, deterioran a paisaxe, e moitas cousas máis, moitísimos deles antiestéticos.

Don Fernando Caride Suárez sinala que o feito de que eses estean mal non quere dicir que o sigan facendo mal. Coincide en que hai moitos sinais que están mal colocados, pero iso non é excusa para seguir facéndoo mal, entende el.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que claro está, el dillo para que tomen medidas, non as vaian tomar nada máis que co grupo de EU.

2ª O noso grupo ten denunciado as deficiencias existentes nas instalacións deportivo-culturais de Meixigo, e as consecuencias negativas para realizar as actividades nas mellores condicións de seguridade co conseguinte perigo para as persoas e danos materiais, motivadas pola choiva no interior do local social.

Dende o grupo de EU entendemos que, sendo estas infraestruturas de titularidade municipal, non abundan máis desculpas e deben dar unha resposta á demanda dos usuarios que se senten abandonados polos responsables municipais, poñendo unha vez máis de manifesto o malestar da veciñanza.

Para cando pensa o goberno municipal resolver as deficiencias das mencionadas instalacións, garantindo o seu dereito ao uso nas mellores condicións de seguridade?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que unha vez recibida a pregunta estiveron vendo o sitio, e quere diferenciar dúas partes. O que está metendo auga agora mesmo non é o local social, é o almacén que é propiedade e titularidade do concello, outra cousa é que por motivos que non veñen agora ao caso, se estea utilizando como local social, pero é un almacén.

El o que si lle pode dicir é que respecto do almacén, eles comprométense a evitar que entre auga, porque está claro que non é algo que estea ben, pero que quede claro que non é o local social. O local social está noutra parcela, ten outra serie de problemas. Simplemente deixar claro que ese é un almacén que é de titularidade do concello, non

o local social que non é titularidade municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que el fala do local social porque é onde fan as actividades sociais por non ter outro, de feito, tres televisores se teñen estragado porque chove alí, entón si que algunha actividade social fan alí.

El soamente quere dicirlles que xa trouxeron esta petición varias veces, que urxe facer esas reparacións e, ao mesmo tempo, cortar as pólas que están enriba do local.

3ª Segundo informacións do goberno, existe unha memoria valorada sobre a seguridade viaria na estrada AC-214.

Ten enviado o goberno municipal algún proxecto á Axencia Galega de Infraestruturas para dotar de medidas de seguridade a mencionada estrada?

O Sr. alcalde contesta que el xa dixo, cre que foi na pregunta do partido socialista polo tema de Pravio, que toda esa estrada, dende o cruzamento da N-550 ata Guísamo, ten varias actuacións, incluída A Xira, o centro de Cambre, a subida a Pravio. Hai unha memoria valorada presentada na Xunta por el persoalmente.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que neste caso ten que contradicir ao Sr. alcalde. El ten aquí unha pregunta, feita no Parlamento de Galicia polo grupo parlamentario AGE, onde preguntaban por este mesmo tema, e a eles non lles consta que haxa ningunha memoria nin ningún proxecto presentado polo Concello de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que el persoalmente a deixou na Coruña ao xefe territorial. Ninguén lle pode dicir a el que non, o que fixeran con ela non o sabe, pero a el deulla o Sr. Marante, concelleiro de Obras e Servizos, e el persoalmente levouna en man ao xefe territorial de Infraestruturas da Coruña, no edificio Monelos.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el está dicindo o que contesta a Xunta de Galicia, o Partido Popular, non sabe ata que punto se preocuparon diso.

O Sr. alcalde contesta que o mirará.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el non lle dá igual.

O Sr. alcalde sinala que a el tampouco, que o Sr. Taibo comprenderá que non lle pode dar igual.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que falando deste mesmo tema da seguridade viaria nesa estrada, e tamén sobre os pasos de peóns, é dicir, do tema da seguridade viaria en total, facendo referencia a esa memoria valorada dixéronlles que o concello tiña que remitir o proxecto á Axencia Galega de Infraestruturas, circunstancia que no momento de elaborar a resposta non tiña acontecido. Di que está falando do mes de xaneiro, esa foi a resposta do Parlamento de Galicia.

El cre que a mesma preocupación que ten EU por esta actuación, a debería ter o

gobierno de Cambre.

O Sr. alcalde dille que o verá.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que EU preguntou pola situación e, da mesma maneira que eles preguntaron, tamén debería facelo o goberno municipal, para iso están gobernando e teñen un maior acceso.

O Sr. alcalde di que lle estraña moito que dean esa resposta cando técnicos da Xunta, topógrafos da Xunta, estiveron na Xira medindo, todos os veciños o viron, para facer unha actuación nesa zona e poñer unha rede de sumidoiros e máis unha beirarrúa. Di que el non o entende.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, sinala que esa foi unha pregunta feita no mes de xaneiro no Parlamento, e que o persoal da Xunta veu máis tarde.

O Sr. alcalde di que si, pero que isto está presentado cre que dende o ano pasado.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a pregunta foi en xaneiro e a contestación o 4 de febreiro.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, pregunta a quen se dirixiu esa pregunta, se foi ao grupo popular no Parlamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que sería ao conselleiro, imaxina, ao Parlamento de Galicia.

O Sr. alcalde di que mañá vai preguntar a ver por que mandan técnicos a medir se non teñen coñecemento de que lles entregaron uns proxectos para facer actuacións na AC-214.

Don Luis Miguel Taibo Casás confirma que foi unha pregunta dirixida á Mesa do Parlamento de Galicia.

O Sr. alcalde sinala que non o dubida, pero que o luns se informará de que pasa con todo iso.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 16763 o día 16 de decembro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1^a Que valoración fai a día de hoxe o goberno municipal do estado actual da feira de Cambre?

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Emprego, contesta que moi boa.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, sinala que moi boa, moi sucinta e, como sempre, moi atenta cara á oposición.

Dille á Sra. concelleira que se quere que lle concreta, pero de verdade que el moitas veces fai as preguntas procurando ser conciso para non dar a prosma. Cre que é facilmente entendible que igual se está referindo a cal é a percepción que fan dende o equipo de goberno, que ten máis medios que a oposición, que testa nos veciños. Se cren que é boa, que é mala, se todos eses problemas que houbo cos feirantes xa non os vai volver a haber, se están xa solucionados. É unha pregunta desas que din de fiscalización e control da oposición ao goberno. Que ela di que moi ben, pois moi ben, pois estupendo, feliz Nadal.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe pregunta se quere saber que opinan os veciños e os comerciantes.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregunta que opina o goberno.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que a apreciación que ela ten é a que lle dan, tanto os feirantes como os veciños que se pasean pola feira, que compran produtos. Os feirantes danlle unha valoración moi positiva. A pesar de que é verdade que ten habido moitos problemas, parece que todo está dentro da normalidade. Os feirantes manifestan que están contentos, que venden. Os veciños din que a feira ten quedado moito mellor, que os pasos son máis anchos. Ademais, e todo o mundo está contento co seu posto, ninguén quere cambiar. Déuselles a oportunidade de cambiar e menos un intercambio de postos, o resto tense mantido. Agora pasarán á segunda licitación, para que os que non puideron entrar na primeira teñan a oportunidade de entrar na segunda.

2^a En que estado se atopan os plans para resolver a problemática existente no cruzamento da Rocha?

O Sr. alcalde contesta que el non vai contestar tan sucintamente, pero pregunta que plans, cantos plans, un, e engade que é broma.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, dille que ten razón, non obstante aquí tense dito que se ten falado con Fomento, é unha estrada de titularidade estatal, e que hai unha solución, por así dicilo, que é a boa, que é facer unha especie de ponte. Outras veces tense falado aquí de buscar solucións intermedias mentres iso non se realiza, reordenar o tráfico semaforico, facer unha rotonda, etc. Nese sentido vai a pregunta.

O Sr. alcalde contéstalle que esa foi unha cuestión que se falou con Fomento, co xefe de demarcación de Estradas na Coruña, don Ángel González del Río. Para axilizar o trámite, foi el quen lles pediu que trasladaran a pregunta ao Parlamento en España, e eles trasladáronlla a través dunha das deputadas do grupo popular. Supón que o exporá nestes días no Parlamento para darlle urxencia ao asunto, porque o que queren facer é a rotonda unida, que non estea partida, é dicir, que se obrigue á xente a dar a volta na Rocha. Deixan de lado de momento a outra solución, porque cre que non hai suficientes medios económicos para facelo. En todo caso, entende que é unha

solución mellor, ou polo menos, que mellora a seguridade.

3ª Cal é o balance que se fai dende o executivo local do certame de pintura?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que están razoablemente satisfeitos do desenvolvemento do certame de pintura, que este ano, ademais, celebraba a súa 30 edición. A participación este ano foi lixeiramente superior á do ano pasado e pensan que o certame cada ano ten máis renome pola participación tanto nacional como internacional, xente de aquí e tamén estranxeira.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, pregunta se teñen unha estimación sobre a asistencia de público. Tamén pregunta se a través dos xurados, dos comisarios, dos técnicos que participan do proceso, etc., fan algún tipo de valoración da calidade das obras presentadas e se eles, como equipo de goberno, consideran que o actual modelo é perdurable no tempo.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que están estudando a posibilidade de cambiar as bases para o ano que vén. En canto á valoración que fai o xurado, el non sabe dicirlle, porque eles son os técnicos. Se viron quen formaba parte do xurado este ano, unha era unha galerista, outro era un escultor, é un xurado moi heteroxéneo e cada un ten a súa opinión no que a arte se refire.

En canto á asistencia de público, a xente responde, faltou o BNG, a pesar de estar invitados, pero ben, xeralmente a xente responde.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que el sabe que eles están sempre con el, co corazón, aínda que non cobren os 32000 euros que cobra el.

Don Santiago Manuel Ríos Rama agradécello, aínda que dille que iso non viña a conto agora.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que quizais outras cousas tampouco, pero que nunca están de máis.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dous horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia